

XUVENTUDE CREA

NON
NON
NON
NON



artes plásticas
arte urbana
banda deseñada
cociña
creación de videoxogos
danza moderna
deseño de xoias
DJ (disc-jóckey)
fotografía
moda
música
novela curta
poesía
teatro
videocreación

XUVENTUDE CREA



1ª ed., 2026. Santiago de Compostela

Edita

Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Dirección Xeral de Xuventude

Deseño

Seteseoito deseño gráfico

Imprime

Gráficas Garabal, S. L.

DL: C 763-2026

Sumario

ARTE URBANA

MEMBROS DO XURADO	9
María Martelo del Río	10
Miguel Aurelio Cajaraville Mosquera	12
Blanca Alejandra Cortijo González	14

ARTES PLÁSTICAS

MEMBROS DO XURADO	17
Cristian Paz Cerqueira	18
Eloy Hermida Trujillo	20
Sara González González	22
Carmen Omil Rivas	24
Judit Vaquero Muñños	26

BANDA DESEÑADA

MEMBROS DO XURADO	29
Laura González Trabazo	30
Pablo Andrés Pereira Montesdeoca	32
Luciano Ripio Molina	34
Sara Fernández Costas	36

COCINA

MEMBROS DO XURADO	39
Mónica Martínez Bemposta	40
Inés Acuña Iglesias	42
Noelia Varela Fandiño	42
María Cristina Domínguez Queijo	44

CREACIÓN DE VIDEOXOGOS

MEMBROS DO XURADO	47
CaTeaParty	48
Mandril Estudios	50
Virtual Seed	52

DANZA MODERNA

MEMBROS DO XURADO	55
Miguel Figueiro Portabales	56

Uxía Alonso Vieira	58
Mateo Usera Prado	58
Javier Vázquez Gundín	60
Irene Sisto Felpete	62

DESEÑO DE XOIAS

MEMBROS DO XURADO	65
Carlota Cao Boluda	66
Sandra Marcuño Riveiro	68
Rebeca García Martínez	70

DJ (DISC-JÓCKEY)

MEMBROS DO XURADO	73
Lucas Valoria Cora	74
Inmaculada Veiga Méndez	76
Guillermo González Ribeiro	78

FOTOGRAFÍA

MEMBROS DO XURADO	81
Jade Rodríguez Rodríguez	82
Lara Barreiro López	84
Lidia Amado Rodríguez	86
Sara Gil Méndez	88
Dania Emilia Pol Martínez	90
Iago Lourido Calvo	92

MODA

MEMBROS DO XURADO	95
Nahir Álvarez Alonso	96
Lucía Beltrán de Navasqués	98
Sara Rodríguez Cancela	100

MÚSICA

MEMBROS DO XURADO	103
Martín Rodríguez Díaz	104
Abraham Santiago Reboredo	106
Celia González González	106
Gabriel Macías Santiago	106

Sara Balboa Pérez
Alba Raña Barreiro

NOVELA CURTA

MEMBROS DO XURADO
Tania Castelo Martínez
Laura Valeria Gutiérrez Caneda
Aarón Barreira Diz

POESÍA

MEMBROS DO XURADO
Ciro Briones
Clara Pérez Martínez
Xián Lois Alcayde Dans

TEATRO

MEMBROS DO XURADO
Os Palimoquiños
Labarata Producións

106
108

111

111
112
114
116

119

119
120
122
124

127

127
128
130

Vai no Dentista

TEATRO

Desatadas
Bengala Teatro Físico
As Extraordinarias

VIDEOCREACIÓN

MEMBROS DO XURADO
Fabiola Quintela Barba
Luján Monteiro Rodríguez
Blanca Navarrete Pérez
Antía Rodeiro Maseda

132

135

136
138
140

143

143
144
146
148
148

Limiar

Galicia é unha terra cun potencial creativo desbordante, berce de grandes proxectos culturais que nacen dunha mocidade ilusionada e comprometida coa cultura galega, como así queda patente nas páxinas do catálogo que ten nas súas mans onde se recollen as obras gañadoras da edición do certame Xuventude Crea 2025.

A creación artística é un dos piares máis significativos da cultura de calquera pobo e, por medio dela, promóvese o desenvolvemento dunha mirada propia ao tempo que se impulsa e reforza a identidade que o define. Neste contexto, é unha sorte para todo o pobo galego poder contar cunha mocidade que amosa a súa sensibilidade e talento a través da expresión artística en todas as súas vertentes, e supón un importante activo para amosar unha Galicia dinámica e aberta ás novas realidades.

Porén, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude, busca ofrecerlles aos mozos e mozas galegas un programa que lles brinde, por un lado, un escenario no que fomentar a súa creatividade e onde poidan expresarse libremente e, por outro, que poida ser un impulso económico que lles permita dar forma ao seu proxecto profesional.

Xuventude Crea é un exemplo da riqueza cultural que temos en Galicia e que demostra que o teatro, a danza, a literatura, a música ou calquera das doce modalidades restantes ten na mocidade galega un gran presente, pero, sobre todo, un prometedor futuro. Así, nestas páxinas están recollidas propostas innovadoras, singulares e persoais que representan a viveza da nosa cultura, continuando a estela das súas predecesoras, a cal é exemplo da Galicia Calidade que nos proxecta nacional e internacionalmente.

José López Campos

Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude



ARTE URBANA

PERSOAS PREMIADAS

1º premio

María Martelo del Río

2º premio

Miguel Aurelio Cajaraville Mosquera

3º premio

Blanca Alejandra Cortijo González

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Silvia Negreira Vidal

Subdirectora xeral de Programas e Asesoramento para a Xuventude da Dirección Xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Amabel González Troncoso

Silvia Rodríguez Pena (Sax)

Alba Castillo Costa

Ramón Conde-Corbal Varela (Mon Devane)

Alonso Antonio de la Cantera Álvarez

Secretario

Adrián Vila Paz



1º PREMIO

María Martelo del Río

A Coruña, 2003

A obra busca funcionar como unha fiestra cara ao pasado dun lugar emblemático da historia compostelá, o restaurante Asasino, para ofrecer de paso unha visión da bohemia da cidade naqueles anos setenta.

Ollando un libro do traballo da fotógrafa Anna Turbau, chego case por casualidade ao motivo que me sobresaí. Na publicación, a escena resúmese deste xeito: «Festa polo centenario do restaurante Asasino. Santiago de Compostela, 1977». Pero eu, allea ao contexto do lugar capturado, quería saber máis. Resulta que o Asasino foi un dos primeiros restaurantes da capital. Acumulando tantos anos de percorrido, foron moitas as anécdotas que rodeaban aquel espazo tan frecuentado por estudantes e personalidades do mundo da arte. Cun gran bigote e camisa branca, o Príncipe Galín tal vez foi partícipe deste banquete. Por aquel entón, este excéntrico personaxe-cantante de versos, líder estudantil e moitas cousas máis era o coñecido protagonista de aventuras que case se fixeron lendas. Ao pulsar o disparador, Turbau permitiulle a todo aquel que revisitase a instantánea ser parte desta celebración.

Eu, a través da pintura e da intervención no espazo público, busco abrir de novo esta posibilidade, para que ti, espectador, tamén sexas un convidado nesta festa da historia, esta vez a través da miña subxectividade.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2021-2025. Grao en Belas Artes, Universidade de Vigo

2023-2025. Participante en exposicións colectivas: *CuidArte*, Centro de Saúde de Lavadores (Vigo) e *CreaOrdes I, II e III*, Museo do Traxe Juanjo Linares de Ordes (A Coruña)


2024. Participante no proxecto de obras colaborativas *Arte em Trânsito*, Museu Alvarinho de Monção (Portugal)

2024-2025. Festivais de vídeo: S8 Mostra de Cinema Periférico (A Coruña); IX Chanfaina Lab, San Sadurniño (A Coruña); Facom Fest (Santiago de Compostela); 25º Festival de Cinema de Viana (Portugal); e A Vila na Pantalla, I Semana Cultural da Keikes, Casa da Cultura de Ordes (A Coruña)

 @mariamartelo_art

Se as paredes falasen





2º PREMIO

Miguel Aurelio Cajaraville Mosquera

Vigo (Pontevedra), 1995

Hai tempo que intento mesturar as dúas técnicas artísticas que realizo: a tatuaxe e o mural. Tamén intento xogar con ideas relacionadas coa cultura da miña terra. Inspirado nun concepto da tatuaxe xaponesa, con esta peza mesturo dous conceptos da cultura popular galega: o peliqueiro de Laza e a centola.

Aplico a síntese propia da tatuaxe para chegar ao concepto que quero representar e, unha vez levado ao muro, poder reproducilo coas ferramentas básicas dos murais: brocha e rolo.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2014-2018. Grao en Belas Artes, Universidade de Vigo

2020-actualidade. Tatuador autónomo

Centola de Laza





3º PREMIO

Blanca Alejandra Cortijo González

A Coruña, 1996

Para ver a beleza, tes que poñer unha lente particular. Un galo é un animal maxestoso que pasa desapercibido na vida cotiá, pero podes apreciar a súa beleza se prestas atención e o miras cunha perspectiva diferente. As lentes simbolizan a idea de que, para ver a verdadeira beleza, hai que «corrixir» a propia visión habitual, a rutina e os prexuizos. A beleza existe, pero só é visible para aqueles dispostos a usar o filtro ou a lente correctos.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2015. Grao superior en Artes Plásticas e Deseño en Ilustración
- 2019. Grao superior en Deseño Gráfico e Creación Visual
- 2022-2023. Deseñadora gráfica, Grupo Impacto
- 2024-actualidade. Deseñadora UX/UI, Amodo Soluciones

Galo





ARTES PLÁSTICAS

PERSOAS PREMIADAS

1º premio	Cristian Paz Cerqueira
2º premio	Eloy Hermida Trujillo
3º premio	Sara González González
Mención de honra	Carmen Omil Rivas
Mención de honra	Judit Vaquero Muños

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Silvia Negreira Vidal

Subdirectora xeral de Programas e Asesoramento para a Xuventude da Dirección Xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Mercedes Rozas Caeiro

Vanessa Díaz Otero

Pedro Miguel González Galilea

José Eduardo López Valiña

Alexandra Rodríguez Rey

Secretaria

Belén Pardal García



1º premio

Cristian Paz Cerqueira

Ponteareas (Pontevedra), 2001

O acto brutal de amar: bicos é unha composición escultórica de sete cubos de cemento. Cada bloque é construído baleiro e reforzado con fibra de vidro triturada. Empregando moldes de silicona feitos durante a acción de bicar, constrúo e descontrúo sobre a forma xeométrica do bloque. Trátase dun intento de alterar a rixidez do cemento coa afectividade do xesto. Aquí o bico queda descontextualizado, conxelado e negado. A pegada do xesto afectivo deixa lagoas, espazos baleiros, que acusan a ausencia do outro. Esta peza forma parte dunha investigación sobre como rexistrar a pegada do corpo a través de procesos escultóricos.


FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2019-2022. Grao en Belas Artes, Universidade de Vigo
- 2022-2023. Mestrado en Formación do Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensinanza de Idiomas, Universidade de Vigo
- 2023. Formación en vidro soprado e acabamentos, Centro de Formação Profissional para a Indústria Cerâmica (CENCAL), Caldas da Rainha (Portugal)
- 2023-actualidade. Mestrado en Artes Plásticas, especialidade en Escultura, Universidade do Porto
- 2024-2025. Exposición colectiva do certame Xuventude Crea 2024, Igrexa da USC, Santiago de Compostela
- 2025. Exposicións colectivas: *UmPontoDeSituação#25*, Museo FBAUP, O Porto (Portugal); *en·con·tro*, Freguesia do Bonfim, O Porto (Portugal); e *Relâmpago*, Hongo (Portugal)
- 2026. Exposición colectiva dos artistas seleccionados da 14ª edición do Premio Auditorio de Galicia para Artistas Noveis, Santiago de Compostela

 <https://cristianpazcerquei.wixsite.com/works>

O brutal acto de amar: bicos





2º premio

Eloy Hermida Trujillo

Ferrol (A Coruña), 1995

Agoiro é unha serie de tres obras de gran formato que empregan unha linguaxe escura e combinan o simbolismo coa abstracción xeométrica herdada das vangardas galegas. Narran, a través de figuras do noso folclore de transmisión oral, visións dun posible futuro para esta terra.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2013-2028. Grao en Enxeñería en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto

2019-2023. Deseño de produto, Porcelana de Sargadelos

2023-2025. Técnico de produción, Alve Iluminación

 @magicoeloy

 <https://www.behance.net/eloyhermida>

Agoiro





3º premio

Sara González González

Rosal (Pontevedra), 2002

Retrato dunha familia real é unha obra na que, a través da representación pictórica da miña familia, se reflexiona de xeito irónico sobre estereotipos vencellados á xente do rural. Como se declara no álbum fotográfico *Terra-grafías*, do artista Anxo Cabada, resulta curioso que nunha época de gran difusión de imaxes se manteñan certos prexuízos sobre o rural galego, nos que se continúa perpetuando un imaxinario relacionado co atraso, enraizado no pasado. Os meus pais, agricultores, e miña irmá convértese nos protagonistas dun retrato no que se xoga coas poses e o encadramento para recordar de certa forma un cadro da realeza, expoñendo a través do título un xogo semántico coa palabra «real».

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2020-2025. Grao en Belas Artes, Universidade de Vigo
- 2024-2025. Bolsa de formación en centros universitarios: Técnicas de Risografía, Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Universidade de Vigo
- 2025-actualidade. Mestrado en Creación Artística Contemporánea, Universidade de Vigo
- 2025-actualidade. Bolsa de formación en centros universitarios: Sistemas Informáticos da Creación en Arte-Perfil Gravado, Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Universidade de Vigo

Retrato dunha familia real





MENCIÓN DE HONRA

Carmen Omil Rivas

Pontevedra, 1995

Este proxecto forma parte dunha investigación sobre a relación entre o corpo e o espazo urbano, centrada nas normas implícitas que organizan os nosos movementos diarios, como, por exemplo, onde e como sentamos. Estas regras convértense co tempo en automatismos: hábitos corporais que reproducimos sen pensalo e que amosan como o corpo negocia entre o que o contorno impón e o que precisamos del.

A intervención orixinal consistiu na construción duns brazos de madeira con unións metálicas e espellos nos extremos, deseñados para un banco público de Estocolmo, como unha extensión da súa linguaxe material. Integrados co preexistente, sen alterar uso nin forma, os brazos xeraban unha mestura de familiaridade e desaxuste que invitaba o transeúnte a sentar e a activar novas relacións co contorno. Deste xeito, a norma do banco sostén a postura compartida, mentres que cada corpo, segundo tamaño e posición, revela miradas propias do contorno a través dos espellos.

Agora, os brazos desprendidos do marco que os orixinou convértense en fragmentos que xa non prolongan nada e que, con todo, seguen apuntando e propoñendo posibles vínculos. Este desprazamento ofrece unha oportunidade para reflexionar sobre como cambian os significados cando os obxectos perden o seu soporte normativo e deben negociar novas formas de habitar fóra do seu propio sistema.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2021-2022. Mestrado en Investigación en Arte e Creación, Universidade Complutense de Madrid

2023-2024. Curso de posmestrado: *Of Public Interest*, Kungl. Konsthögskolan, Estocolmo (Suecia)

2024. Taller de extensión universitaria: Verse outra vez ao revés tamén funciona. Creatividade, xogo e transformación social, Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Universidade de Vigo

2024-actualidade. A.D.I.U Estudio de Arquitectura y Urbanismo, Pontevedra

 @carmelaomil

Enmarcando o incerto





MENTIÓN DE HONRA

Judit Vaquero Muíños

A Coruña, 1997

Trátase da primeira pintura da serie Pinturas de Auga, a cal pretende levar a cabo un rexistro pictórico da composición sedimentaria fluvial de distintos ríos galegos que se atopan en situación de risco por contaminación. Atendendo á dimensión ambiental, búscase xerar novas narrativas de interrelación e análise a través da creación, salientando a vinculación entre corpo humano e territorio, desde o traballo de campo e prácticas de coñecemento situado. As fotografías presentadas son soamente un exemplo de como sería a obra; para a súa exposición iniciárase a pintura desde cero activando de novo o mecanismo, pois esta está viva ata que a auga se evapora.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2015-2019. Grao en Belas Artes, Universidade de Vigo
- 2019-2020. Mestrado en Produción e Investigación en Arte, Universidade de Granada
- 2022-actualidade. Doutoramento en Investigación en Humanidades, Artes e Educación, Universidade de Castela-A Mancha
- 2022-2023. Profesora de pintura no taller de arte Prisma, Pontevedra
- 2023-actualidade. Bolseira FPI e colaboradora docente, Facultade de Belas Artes de Cuenca
- 2023-actualidade. Socia colaboradora da Asociación Sociocultural Kentada, Pontevedra

Pintura de auga nº 1 (Río Gafos, Pontevedra)





BANDA DESEÑADA

PERSOAS PREMIADAS

1º premio	Laura González Trabazo
2º premio	Pablo Andrés Pereira Montesdeoca
3º premio	Luciano Ripio Molina
Mención de honra	Sara Fernández Costas

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Silvia Negreira Vidal

Subdirectora xeral de Programas e Asesoramento para a Xuventude da Dirección Xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Lía Soto Rodríguez

Jorge Campos Sánchez

Teresa de la Paz Grande Taboada

Isabell Seidel

Secretario

Eva María Martínez Abastida



1º premio

Laura González Trabazo

Ames (A Coruña), 2001

Os segredos da terra: a nai de Celia é unha banda deseñada de fantasía, aventura e misterio xuvenil. O relato segue unha rapaza que, cansa de pasar os veráns na calor abafante e o aburrimiento da urbe, atopa a oportunidade de pasar un mes na afastada vila da súa tía. Alí, entre bosques, silencio e historias esquecidas, agardan encontros inesperados: criaturas que non saen nos libros, misterios agochados entre as silveiras e dúas figuras fascinantes que lle cambiarán para sempre a maneira de ver o mundo.

A narración xorde do desexo de descubrir a memoria esquecida, perdida e oculta da nosa terra. Máis alá dunha crítica ou rifa, metémonos na pel dunha nena que creceu afastada deste mundo e que, desde a inocencia e a curiosidade, se mergulla desde cero na mitoloxía, o saber e a tradición pertencente á súa propia cultura. Esta obra foi realizada enteiramente con técnicas dixitais e concíbese como un preámbulo ou unha memoria da protagonista.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL


2019-2023. Grao en Belas Artes, Universidade de Vigo

2023. Cómic autopublicado *Karina*²: *Carina e Karina*

2024-2025. Mestrado en Dirección de Arte en Publicidade, Universidade de Vigo

2025. Participación no cómic divulgativo *EVA y las aventureras del cielo* da asociación Ellas Vuelan Alto (EVA)

Os segredos da terra: a nai de Celia





2º premio

Pablo Andrés Pereira Montesdeoca

Montevideo (Uruguai), 1997

Sinais do comezo presenta a Xandre, o mozo protagonista, descubriendo algo inquietante no ceo. Este incidente, aínda que perturbador nun principio, axudaralle a cambiar a perspectiva sobre a súa vida e a repensar as súas decisións.

Trátase dunha obra esencialmente catastrófica pero, ao mesmo tempo, chea de esperanza. Fala de aproveitar o presente e de non lle ter tanto medo ao futuro, pois ao final todos acabamos igual. Para min, a creación deste cómic foi un exercicio de reflexión e a historia está contada de forma que tamén poida facer reflexionar o lector.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018. Ciclo superior de Ilustración


2018-2023. Ilustrador autónomo, encargos de particulares e empresas

2021-2022. Ilustrador no webcomic *Unmasked*, Webtoon Factory, Editorial Dupuis

2024. Grao de Deseño Gráfico, EASD Antonio Faiñe


2024-2025. Deseñador gráfico no obradoiro de formación e emprego da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV)

Sinais do comezo



E É HOXE TAMÉN CANDO ESTAMOS A ENFRENTAR O NOSO INEVITABLE FINAL. 27 ANOS DESPOIS, O NOSO MUNDO COMEZA A COLAPSAR, TAL E COMO ME DIXO. PERO NON SENTO PENA, CULPA NIN SEQUERA MEDO. SÓ UN PROFUNDO AGRADECIMENTO.





3º premio

Luciano Ripio Molina

Madrid, 1999

Linguaxe propia é unha obra que fala da natureza das relacións interpersoais, da súa maxia e beleza intrínseca, pero tamén da dor, da perda e do dó. Unha ollada pura e inocente do amor que combina a racionalidade necesaria para poder entendelo e os sentimentos e as decisións inexplicables que nacen das tripas e do corazón.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2022. Finalista bolsa Ensaia


2023. O Garaxe Hermético, Escola Profesional de Banda Deseñada e Ilustración

2024. Axuda Injuve outorgada polo Goberno de España para o proxecto *Boa Onda Cómic*, revista de cómic autoeditada

2024-2025. Residencia proxecto Fixar, Sende, Lobeira (Ourense). Residencia proxecto Rural Hackers, Anceu (Pontecaldelas)

2024-actualidade. Ciclo superior de Deseño Gráfico, Escola Pablo Picasso

Linguaxe propia





Mención de honra

Sara Fernández Costas

Vigo (Pontevedra), 1998

Patiñas é unha pequena grande odisea gatuna pola que deberán pasar Brais e Melisa, os irmáns protagonistas, deseñada pola maxia do destino para facer que aprendan a levarse mellor e, sobre todo, a traballar en equipo. Nela, os rapaces atoparanse con segredos e desafíos cada vez máis grandes causados por dous gatos xigantes e o seu exército de gatiños ladróns, que roubaron todos os zapatos da cidade e teñen os adultos rascando a cabeza (e cos pés conxelados).

Esta é a primeira banda deseñada que fago de comezo a fin usando métodos tradicionais, despois de moito tempo traballando no sector da arte dixital. O proceso fíxome namorar non só do *gouache* e da sensorialidade que ten o traballar coas mans, senón tamén dos gatos. *Patiñas* é a principal culpable de que hoxe en día, cando traballo, teña un axudante gatuno comigo no estudio; este decidiu «adoptarme» cando nos topamos un día na rúa estando eu a piques de rematar esta obra.


FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2019. Exposición colectiva *Imago*, Accademia de Belle Arti, Florencia
- 2020. Grao en Belas Artes, Universidade de Salamanca
- 2020. Exposición colectiva *8 trazos*, Salamanca
- 2022-actualidade. *Shadows over omorfos*, serie de webcómic
- 2024. Premio de ilustración pola obra *Femme fatale*, 30º Certame de Cómic Mutantes Paseantes, San Roque (Cádiz)
- 2025. Curso de banda deseñada, O Garaxe Hermético, Escola Profesional de Banda Deseñada e Ilustración
- 2025. Segundo premio pola obra *El sol en el pecho*, XXXIX Concurso de Cómic Noble Villa de Portugalete, Biscaia

 @sardii_na

 <http://artstation.com/sardina>

Patiñas





COCIÑA

PERSOAS PREMIADAS

1º premio

Mónica Martínez Bemposta

2º premio

Inés Acuña Iglesias e Noelia Varela Fandiño

3º premio

María Cristina Domínguez Queijo

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Mónica García Fernández

Xefa do Servizo de Programas e Mobilidade Xuvenil da Dirección Xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Jorge Gago García

Faustino Batallán Cons

Alejandro Iglesias Vázquez

Alba Varela Diéguez

Secretaría

M.^a Pilar Lorenzo Vilar



1º premio

Mónica Martínez Bemposta

Ribadumia (Pontevedra), 2002

As tres marabillas é unha homenaxe aos sabores da terra galega: carne de porco, pataca de Galicia e queixo San Simón da Costa. Tres produtos humildes que, xuntos, se converten nun bocado cheo de sabor e lembranzas. É a reinterpretación da esencia galega nun prato cheo de contraste e harmonía. Destaca pola tenrura das carri-lleiras de porco, a suavidade da pataca de Galicia e o carácter afumado do queixo San Simón nunha proposta que exalta o produto e que evoca a cociña lenta e a tradición.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2022-actualidade. Axudante de cociña, Asador Rosendo, Sanxenxo
- 2023. Grao superior de Próteses Dentais
- 2023. Protésica dental, Elidente e Tecnolab, Santiago de Compostela
- 2024-actualidade. Ciclo superior de Dirección de Cociña
- 2025. Prácticas formativas, Culler de Pau, O Grove

As tres maravillas





2º premio

Inés Acuña Iglesias

Mondariz (Pontevedra), 2005

Noelia Varela Fandiño

Salvaterra do Miño (Pontevedra), 2008

O noso obxectivo é conseguir un equilibrio entre texturas e sabores: o crocante e o cremoso, o doce e o acedo, o tradicional e o innovador. Queremos renderlle homenaxe a Galicia e demostrar que os ingredientes de sempre poden transformarse nunha proposta actual e creativa. Con esta sobremesa queremos transmitir a nosa paixón pola repostería, o orgullo da nosa terra e a idea de que a tradición pode reinventarse sen perder a súa esencia.

Contamos coas orellas de Entroido, un doce típico galego que nos conecta coas festas populares; coa augardente, un licor moi presente na nosa cultura gastronómica; co vinagre do Ribeiro, un produto con carácter que nos axuda a equilibrar os sabores, e coas castañas, froito emblemático de Galicia, símbolo do outono e da unión coa natureza.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2025-actualidade. Ciclo medio de Panadería, Repostería e Confeitería

Crema de augardente con sabor a Entroido





3º premio

María Cristina Domínguez Queijo

A Coruña, 1995

Este prato busca o encontro entre o mar e a terra. A vieira, fresca e delicada, e o aceite de codium, máis intenso, xunto coa untuosa salsa de peixe e leite de coco, forman un trío mariño con sabor a Galicia e con toques exóticos. O cilindro de fariña de castaña achega o contrapunto terroso, que lembra os montes no outono. As pequenas esferificacións de lima completan o conxunto cun toque cítrico e visual que esperta todos os sentidos. É un prato que fala de contraste e harmonía, de raíces e de mar.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2013-2017. Grao en Nutrición Humana e Dietética

2019-actualidade. Nutricionista

Cilindro de castaña recheo de tártaro de vieiras sobre salsa de peixe e pingas de sabor





CREACIÓN DE VIDEOXOGOS

PERSOAS PREMIADAS

1º premio

CaTeaParty

2º premio

Mandrill Estudios

3º premio

Virtual Seed

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Silvia Negreira Vidal

Subdirectora xeral de Programas e Asesoramento para a Xuventude da Dirección Xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Óscar Ferreiro Vázquez


Antonio José Seoane Nolasco

Beatriz Legerén Lago

Félix Menéndez Naveiras

Secretaría

Pilar Tamerón Montesinos



1º PREMIO

CaTeaParty

Kitty witchy conta a historia dunha nena que debe enfrontarse á perda do seu querido gato, Cosmo. Esta experiencia exprésase mediante quebracabezas, narrativa ambiental e cinemáticas en 3D que inclúen diálogos cos habitantes do bosque.

Ao longo da historia, o xogador poderá empurrar pedras para modificar o contorno, utilizar as súas propiedades máxicas ou invocar o espírito de Cosmo para poder utilizar os seus poderes gatunos.

O xogo é unha historia sobre o dó, a aceptación e a maxia de deixar ir, escrito desde unha perspectiva amable, optimista e aberta que deixa a mensaxe á interpretación do xogador.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

Javier Mayor Pereira, Lugo, 2003

María Siyu Lebón Real, Jiangxi (A China), 2003

Beatriz Turiel García, A Bañeza (León), 2003

Sofía Marvizón Padilla, Sevilla, 2003

Iria Febrero Cadenas, Santiago de Compostela (A Coruña), 2003

2025. Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos, Universidade da Coruña

Kitty witchy



2º premio

Mandrill Estudios



Alta costura é un xogo de acción en terceira persoa, estilo *hack and slash* con influencias *soulslike*, ambientado nun mundo de fantasía escura. O xogador encarna a Puppe, unha boneca de trapo que perde a súa caixa de voz a mans da tiránica Dama do Lamento. Para recuperala, Puppe terá que ascender por un mundo vertical habitado por xogueteiros, enfrontándose aos inimigos que sucumbiron ante o goberno opresivo da dama.

O mundo de *Alta costura* está estruturado en distintos estratos sociais, representados tanto na aparencia coma no deseño de niveis de cada zona. A pobreza e o abandono dos niveis inferiores contrastan coa opulencia e o luxo dos superiores. O xogo mestura unha estética escura con elementos góticos e presenta mecánicas dinámicas de combate e exploración. O xogador deberá enfrontar diversas ameazas, armado cunhas grandes tesoiras de costura que non só lle permitirán defenderse, senón tamén desprazarse axilmente polo escenario.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

Antonio Ordóñez Massó, A Coruña, 2003

Iria López Villadóniga, Ferrol (A Coruña), 2004

Anira Leiras Rodríguez, Abegondo (A Coruña), 2004

Meilei Naranjo Rivero, Chongqing (A China), 2004

Carolina Lago Fernández, Brión (A Coruña), 2004

Adriana Antonio Costela, A Coruña, 2004


David Novas García, Calatayud (Zaragoza), 2004

Ainoa Bamio Couso, Cangas (Pontevedra), 2004

Actualidade. Estudiantes de grao en Creación Dixital,
Animación e Videoxogos

Alta costura





3º premio

Virtual Seed

Este proxecto nace como traballo de fin de mestrado en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos. Ao finalizar os estudos e non ter rematado o videoxogo, parte do grupo decidiu continuar co seu desenvolvemento.

After Juice é unha aventura gráfica en 3D ambientada nun mundo animal onde encarnas a Tofu, un hámster primeirizo na universidade que, tras uns zumes, ten que enfrontarse ao que lle depara a tola noite de Furrol. Poderás atopar misterio, pero tamén moito humor, chistes malos, animais de todo tipo... (e azucre).

Trátase do primeiro videoxogo desenvolvido polo equipo, compaxinándoo con outros traballos alleos. O seu lanzamento está previsto para finais deste ano co obxectivo de publicalo en plataformas comerciais.



FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

Marcos Parada Gil, Arbo (Pontevedra), 1998

Grao en Enxeñería Informática. Mestrado en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos

Danae Romero Sánchez, A Pobra do Caramiñal (Pontevedra), 1998

Grao en Belas Artes. Mestrado en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos

Sofía González Rodríguez, Vigo (Pontevedra), 1999

Grao en Belas Artes. Mestrado en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos

Alejandro Carpena Porral, Pontedeume (A Coruña), 1999

Grao en Enxeñería de Deseño Industrial. Mestrado en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos

Adrián Iglesias Adrover, A Guarda (Pontevedra), 1995

Grao en Comunicación Audiovisual. Mestrado en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos


Ramón Torres Chaves, A Illa de Arousa (Pontevedra), 1998

Grao en Belas Artes. Mestrado en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos

Francisco Javier Pascual Vidal, Cangas (Pontevedra), 1994

Grao en Enxeñería Informática. Mestrado en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos

After juice: animal disco mafia





DANZA MODERNA

PERSOAS PREMIADAS

1º premio	Miguel Figueiro Portabales
2º premio	Uxía Alonso Vieira e Mateo Usera Prado
3º premio compartido	Javier Vázquez Gundín
3º premio compartido	Irene Sisto Felpete

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Mónica García Fernández

Xefa do Servizo de Programas e Mobilidade Xuvenil da Dirección Xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Raquel González García

Armando Martén Caballero


Mercedes Suárez Rodríguez

Olga Cristina Ruiz López

Bárbara Piñeiro Vidal

Secretaria

Celsa Bouzas González



1º premio

Miguel Figueiro Portabales

Lugo, 2009

Esta peza trata sobre a realidade que ninguén coñece, esa realidade que fai que non nos atrevamos a pensar por medo a perder a calma, sendo a máxima expresión do refuxio persoal ante os temores que non aceptamos, aqueles que nos fan crer que imos caer e que angustian o noso corazón.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2020-actualidade. Grao profesional de Danza, especialidade de Danza Clásica e Danza Contemporánea, Conservatorio Profesional de Danza de Lugo, CDAN, Lugo
- 2023. Curso formativo impartido por Virginia Valero, Escola Druída, A Coruña
- 2023. Curso de verán, Estudio de Danza María de Ávila, Zaragoza
- 2024. Curso de verán, Asociación de Danza y Arte del Mediterráneo, ADAM, Valencia
- 2025. Curso de verán, Estudio de Danza María de Ávila, Zaragoza

Eu quixera





2º PREMIO

Uxía Alonso Vieira

Lugo, 2008

Mateo Usera Prado

Lugo, 2008

A palabra «afouteza» significa realizar calquera acción ou acto sen temor aos perigos ou dificultades, aínda que moitas veces haxa algo ou alguén que nos impida facelo. Estas trabas fannos tirar todo pola borda e non loitar polo que verdadeiramente queremos. Están acaso as persoas que si que o loitan en perigo de extinción?

Vivimos rodeados de ruído, afogados nas présas, ameazados por un medo case imperceptible, o que fai que, case sen darnos conta, deixemos de escoitar esa voz interna que nos empurra a avanzar, a seguir, a superarnos como persoas.

Mentres que exista unha única persoa capaz de escoitar a súa propia luz, de avanzar aínda que sexa con medo, a afouteza seguirá viva.

Es ti esa persoa?

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020-actualidade. Grao profesional de Danza, especialidade de Danza Contemporánea, Conservatorio Profesional de Danza de Lugo, CDAN Lugo

2023. Formación en repertorio, danza contemporánea e acondicionamento físico

2024-2025. Formación en interpretación, danza contemporánea, danza tradicional e composición

2024-2025. Formación en danza contemporánea, hip-hop, *waack* e acrobacias, Escola de Danza Media Punta, Vigo

 @uxia_alonso

 @mateouserap

Perigo de extinção





3º PREMIO COMPARTIDO

Javier Vázquez Gundín

Sada (A Coruña), 2007

Con esta obra todo o que o lume nos deixa tras de si, o horror, a vida, o sono, o medo...

Este ano, por desgraza, tocounos moi de cerca a gran vaga de incendios.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2023. 1º premio da especialidade de Danza, certame Xuventude Crea 2023
- 2024. Colaboración no congreso Lo que de Verdad Importa (LQDVI), IKFEM Festival Tui-Valença
- 2024. Colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, Xunta de Galicia
- 2025. Colaboración no videoclip de Daniela Montes, gañadora do concurso Quero Cantar da Deputación da Coruña
- 2025-actualidade. Grao en Coreografía e Interpretación, Conservatorio Superior de Danza María de Ávila, Madrid

Cinzas





3º PREMIO COMPARTIDO

Irene Sisto Felpete

A Coruña, 2008

Negra sombra recibe este nome, ademais de polo tema musical, pola relación que eu persoalmente teño coa danza. Durante o tempo que levo bailando, vivín momentos de frustración, acompañados da esixencia persoal, aínda que compensados pola vivacidade que esta arte me ofrece. Hai un vaivén de emocións na miña mente. Nesta coreografía trato de desprenderme desa certa presión, mostrando a miña esencia, sen frustración, sen desconfianza, sen cordas que deteñan a miña bailarina interior.

A coreografía vai collendo forza a medida que avanza, chegando a un «colapso» ao final, que representa o caos xa mencionado.

Bailando *Negra sombra* conecto exactamente co que trato de transmitir, penso que iso é a clave. Mostro a miña esencia en todos os ámbitos, isto faime sentir satisfeita.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2016-2025. Estudiante no Conservatorio Profesional de Danza de Lugo, CDAN, Lugo

2022-2025. Equipo de competición, Escola de Danzas Urbanas Star Dance, Lugo

2023-2025. Estudos de danza clásica, danza contemporánea e danza urbana

Negra sombra





DESEÑO DE XOIAS

PERSOAS PREMIADAS

1º premio	Carlota Cao Boluda
2º premio	Sandra Marcuño Riveiro
3º premio	Rebeca García Martínez

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Silvia Negreira Vidal

Subdirectora xeral de Programas e Asesoramento para a Xuventude da Dirección Xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

José María Mayer Segade

Miguel Gregorio Rodríguez Bertojo


Alicia Martínez Casals

Elena Fabeiro Castro

Raquel Martín Míguez

Secretaria

M.^a Pilar Lorenzo Vilar



1º premio

Carlota Cao Boluda

Ourense, 1999

A colección *Parque de bólas* transforma un símbolo da infancia en ornamento. Busca manter vivo o xogo máis alá da nenez, no cotián, portando xoias. Reinterpreta e traslada ao corpo tres elementos icónicos do parque infantil: tobogáns, xanelas burbulla e bólas. Combina técnicas tradicionais con materiais inusuais para crear pezas cinéticas, interactivas, sofisticadas e doadas de levar no día a día. As bólas convértense en granalla móbil e sonora de latón, prata e cobre; as xanelas burbulla, en caboxóns ocos de resina; e os tobogáns, en tubos de PVC transparente. Estes elementos, montados en estruturas de prata, discorren agora polo corpo en forma de xoias. O recordo transfórmase en elemento activo e ornamental.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2017-2023. Grao en Filosofía, Universidade de Santiago de Compostela
- 2023-2025. Ciclo superior de Artes Plásticas e Deseño, especialidade en Xoiería Artística, EASD Mestre Mateo, Santiago de Compostela
- 2024-2025. Impartición de taller de bixutería inspirada na xoiería viquinga, Eduvia Xestión Cultural e Lecer, S. L.
- 2025. Feitura e compostura de xoias, prácticas na Joyería Regueira

Parque de bolas





2º premio

Sandra Marcuño Riveiro

Rianxo (A Coruña), 2005

Isomorfías é unha colección conceptual e minimalista que nace da observación da natureza. Está composta por tres pezas base (gargantilla, anel e broche) e seis módulos adicionais que poden incorporarse ás pezas principais ou empregarse como pendentes individuais. Así, as pezas funcionan como un xogo, convidando a transformar e a transformarse. É como un xardín que podes levar posto, adaptar e facer teu. O material empregado representa unha conexión co comezo, co momento no que descubrín que quería dedicarme á xoiería. Porque o fermoso tamén está en como cada persoa o fai seu cando o leva e o comparte.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2022-actualidade. *Asolleira*, proxecto artístico persoal. Desenvolvemento dunha marca de accesorios realizados á man con resina, actualmente con moldes de creación propia. Participación e colaboración con tendas locais para a venda e exposición das pezas da marca.

2023-2025. Ciclo superior en Xoiería Artística

2025- actualidade. Grao superior en Deseño de Produto

Isomorfias





3º premio

Rebeca García Martínez

A Pobra do Caramiñal (A Coruña), 1999

A colección *Tradición e vangarda* está inspirada nos oficios artesanais e ancestrais, tan representativa da nosa cultura galega. Concretamente está inspirada na cestería de castiñeiro. Con esta colección quérense reivindicar, visibilizar e recoñecer os poucos artesáns que seguen realizando este traballo. Hai non moitos anos era necesario coñecer estas técnicas de elaboración de cestas, debido a que non existía o plástico (polímeros como PP, PE ou PET). Mesmo os mariñeiros necesitaban elaborar as súas propias cestas para poder ir pescar ao mar ou para poder transportar a súa pesca á lonxa ou á casa.

A colección divídese en tres pezas: o pasador, inspirado nas dobreces do papel e o seu reflexo no metal xerando unha continuidade estética; o pendente, continúaase dando protagonismo ao papel que está engastado delicadamente no metal, que adquire un aspecto máis orgánico; e o broche, creado en 3D seguindo os padróns do papel do pasador, transformado nunha figura orgánica e producido a través da técnica de microfusión.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2017-2019. Ciclo superior de Asistencia á Dirección, Santiago de Compostela
- 2020-2022. Ciclo superior de Artes Plásticas e Deseño, especialidade en Xoiería Artística, EASD Mestre Mateo, Santiago de Compostela
- 2024-2025. Dependenta de xoiería, Luxenter, El Corte Inglés
- 2025-actualidade. Ciclo superior de Administración e Finanzas, Ribeira (A Coruña)

Tradición e vangarda





DJ (DISC-JÓCKEY)

PERSOAS PREMIADAS

1º premio	Lucas Valoria Cora
2º premio	Inmaculada Veiga Méndez
3º premio	Guillermo González Ribeiro

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Silvia Negreira Vidal

Subdirectora xeral de Programas e Asesoramento para a Xuventude da Dirección Xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

André Vázquez Riveiro

Víctor Manuel Flores Pérez

José Patiño Riveiro

Secretario

Adrián Vila Paz



1º PREMIO

Lucas Valoria Cora

O Valadouro (Lugo), 2003

Esta obra representa o que é o meu maior hobby desde hai uns anos. Con el, quero mostrar cal é o meu estilo musical dentro deste sector e intentar transmitirle á pista o que sinto cando o produzo.

Trátase dun set de *hard-bounce/hard-dance*, un xénero que actualmente está moi presente na escena da electrónica e se caracteriza por ter un gran *groove* e unha liña de baixos moi marcada con «efecto de rebote», de aí o nome. Os temas da composición son de artistas da escena da música electrónica holandesa e alemá maioritariamente, rexións onde este xénero está moi recoñecido.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2021-2023. Ciclo superior en Automoción de Vehículos

2023-actualidade. Mecánico de maquinaria industrial, Barloworld Finanzauto

 <https://www.lucasiito.com/>

 @lucasiito.wav

 soundcloud.com/LUCASIITO

Elviña rhythms





2º PREMIO

Inmaculada Veiga Méndez

Guitiriz (Lugo), 1995

Éter explora a transición entre a luz do día e a noite, transmitindo a sensación de intanxibilidade e fluidez propia do solpor. O DJ set, realizado á luz do serán, combina ritmos con sons de diferentes contextos culturais. Trátase dunha mestura dinámica e heteroxénea, reflexo persoal da maneira en que a artista entende a música, inspirada tanto no cotián coma nas persoas e lugares que a marcaron.

O nome fai referencia a Éter, que na mitoloxía grega é a personificación do ceo superior, brillante e puro, un deus primordial asociado coa luz. A interacción entre a música e a luz xera unha atmosfera etérea, evocando unha sensación de suspensión temporal e conexión co momento presente.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2022-actualidade. Dependenta

2023-2024. Axudante de produción

2023-actualidade. Deseño gráfico e vídeo como profesional autónoma

2025-actualidade. Mestrado profesional en Deseño Gráfico e Motion Graphics, CEI

 @inmaveiga

 soundcloud.com/bb-wav

Éter





3º PREMIO

Guillermo González Ribeiro

Vigo (Pontevedra), 1999

Esta sesión é consecuencia de anos de evolución e descubrimento persoal de diferentes xéneros musicais. Tamén xorde da consecuencia de nacer na era dixital, na que podes achegarte a movementos e escenas culturais moi distantes. En definitiva, esta sesión defínola no xénero de *global bass*, música de club para todo o mundo.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018-2025. Grao en Comercio, Universidade de Vigo

2024-actualidade. Xestor cultural no Xara Fest, Ribadeo (Lugo)

2025-actualidade. Mestrado en Xestión e Dirección Laboral, Universidade de Vigo

GlobalBass





FOTOGRAFÍA

PERSOAS PREMIADAS

1º premio

Jade Rodríguez Rodríguez

2º premio compartido

Lara Barreiro López

2º premio compartido

Lidia Amado Rodríguez

3º premio compartido

Sara Gil Méndez

3º premio compartido

Dania Emilia Pol Martínez

Mención de honra

Iago Lourido Calvo

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Mónica García Fernández

Xefa do Servizo de Programas e Mobilidade Xuvenil da Dirección Xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Xoán Xosé Arias Soler

Xoán Álvarez Rey


Emilio Lavandeira Villar

Fernando Blanco Rajo

Sandra Alonso Suárez

Secretaria

M.^a Pilar Lorenzo Vilar



1º PREMIO

Jade Rodríguez Rodríguez

Ourense, 2002

Viaxeira / insírese na miña procura de fendas no real, lugares onde o universo parece dobrarse e permitir outras versións de nós mesmas. Na Cidade dos Rapaces atopei un destes puntos febles, un territorio suspendido, coma se pertencese a un mundo que non acabou de completarse.

As historias do lugar, tan presentes na miña infancia pola proximidade, convertérono nun lugar mítico antes mesmo de o coñecer. Volver alí coa cámara foi como entrar nun eco doutro tempo, nun espazo que responde, pero nunca de forma directa.

A figura viaxeira percorre estas zonas invisibles, intentando descifrar o que se oculta entre o recordo, a ausencia e a posibilidade doutros universos. Nada é explícito, só unha chamada tenue cara ao que podería estar ao outro lado.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2021-2025. Grao en Belas Artes, Universidade de Sevilla

2025-actualidade. Mestrado en Arte: Idea e Producción, Universidade de Sevilla

Viaxeira I





2º PREMIO COMPARTIDO

Lara Barreiro López

Rois (A Coruña), 1998

Desde o punto de vista técnico, *Cartografía do azul* nace a partir dunha fotografía analóxica revelada, mediante a técnica da cianotipia, en catro anacos de tea de algodón, experimentando con diferentes exposicións aos raios UV do sol.

A presenza recorrente e significativa de, por exemplo, unha persoa nas nosas vidas supón que o seu recordo sexa duradeiro e, polo contrario, a súa ausencia implica que axiña nos esqueceremos dela, como acontece coa cianotipia: canto máis prolongado sexa o tempo de exposición dun cianotipo aos raios UV, a fixación no soporte será maior e a imaxe volverase máis nítida, mais, de acontecer o contrario, pode chegar a desaparecer por completo.

Así, a intención da serie é tentar crear un paralelismo entre a técnica da cianotipia e a memoria, xerando unha metáfora entre a exposición fotográfica e a capacidade de fixar recordos.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2018-2022. Grao en Historia da Arte, Universidade de Santiago de Compostela
- 2022. Prácticas formativas como historiadora da arte, Fundación Eugenio Granell, Santiago de Compostela
- 2022. Fotógrafa en eventos, Tadel Fotografía, Santiago de Compostela
- 2022. Segunda fotógrafa en eventos, Filmate Creaciones, O Milladoiro
- 2022-2023. Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato na especialidade de Artes Plásticas, Universidade de Santiago de Compostela
- 2022-2023. Prácticas formativas como docente, IES do Sar, Santiago de Compostela
- 2022-actualidade. Fotógrafa en eventos, 123 Flash, Boiro
- 2024. Auxiliar de cámara, El Molino Audiovisual
- 2025-actualidade. Curso de iniciación á ilustración, UNO, La Escuela Minúscula, Madrid

Cartografía do azul





2º PREMIO COMPARTIDO

Lidia Amado Rodríguez

Narón (A Coruña), 2001

A realidade non é máis ca un soño, unha ficción, e é evidente que a contemporaneidade que habitamos esixe de novas narrativas, miradas e formas de relacionarnos con elas; dunha desconstrución radical. A través da fotografía e da figura do monstro, pretendo cuestionar os estados actuais das cousas e mais o humano evidenciando o estraño, insólito e líquido da contemporaneidade que habitamos.

Constrúo e retrato insólitos personaxes que se atopan explorando a súa realidade, a si mesmos e incluso o espectador constantemente, criaturas que nunca chegan a conformarse, que están en constante cambio, cuxa identidade reside na propia transformación. A figura do monstro sempre estivo ligada á ambigüidade, ao distinto, ao cambiante. A esa alteridade que nos conforma. Pretendo falar da beleza que reside na disidencia, abrazala e, por outra parte, tratar o corpo como unha masa pictórica.

Os monstros cuestiónanse constantemente a si mesmos, a quen os mira, a súa realidade, a súa visión. Buscan e fan preguntas sen esperar nin pretender atopar unha resposta, pois esta está na mesma acción de permitirse imaxinar, construíndo así, e a través da propia mirada do espectador, novas formas do posible.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2019-2023. Grao en Belas Artes, Universidade de Vigo
- 2022. Prácticas en galería de arte, Fundación RAC, Pontevedra
- 2023-2024. Profesora de pintura e debuxo, Laudas Calamity. Laboratorio de Creación Artística, Fene
- 2024-actualidade. Ilustradora de contos infantís, *Piano azul I* de J. M. Legazpi García, Ediciones Ende (2024); *O Xigante elegante* de J. M. Legazpi García (en curso)
- 2025-actualidade. Mestrado universitario en Producción Artística, Universidade Politécnica de Valencia



@lidiaamadoo

<https://www.lidiaamado.com>

Anômalo





3º PREMIO COMPARTIDO

Sara Gil Méndez

Santiago de Compostela (A Coruña), 1999

A avoa de Antía, Florita, aprendeu a coser na súa adolescencia e dedicou toda a vida á costura. A súa casa é testemuña desa paixón: estampados florais, cores pastel e puntillas convivindo con toucas, camisóns e saias de seda. Antía, a súa neta, é deseñadora de moda, recupera e renova ese legado cunha mirada irónica e alegre, mesturando estampados e xoguetes de época con cortes e padróns da narrativa téxtil contemporánea. Neste traballo conxunto, Antía Vieiro, como deseñadora de moda, e Sara Gil Méndez, como fotógrafa, únense para crear unha obra íntima que rescata o pasado e o reinterpreta a través da moda e da imaxe, construíndo unha estética nostálxica e actual.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2017-2021. Grao en Xornalismo, Universidade de Santiago de Compostela
- 2021-2022. Mestrado universitario en Fotografía Artística e Documental, Escola Universitaria de Artes TAI, Universidade Rey Juan Carlos, Madrid
- 2022-2023. Dependenta, Galería Sargadelos, Madrid
- 2023-2024. Bolsa FEUGA como redactora de contidos, CRTVG
- 2024-2025. Auxiliar de redacción no programa *O Termómetro*, CRTVG
- 2025. Curso de introdución á dirección, OFF ESCAC, Santiago de Compostela
- 2025-actualidade. Redactora no programa *Xente Marabillosa*, CRTVG

Florita





3º PREMIO COMPARTIDO

Dania Emilia Pol Martínez

Tui (Pontevedra), 1998

O meu proxecto *Penta* pretende unir puntos entre o efémero e o permanente, entre a música e a fotografía. É un ensaio visual que emprega a sinestesia como vehículo para crear estas imaxes nas que os movementos quedan rexistrados na realidade coma luces e cores que, doutro xeito, os intérpretes debuxan nos nosos ouvidos.

É un proxecto de autorretrato no que eu mesma, amante da música, capto cinco xestos usados no mundo sonoro para ver as súas formas, dun xeito artístico.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2021-actualidade. Fotógrafa autónoma

2021-actualidade. Camareira de sala, barra e mesa

2022. Primeiro curso do grao en Deseño de Produto, EASD Mestre Mateo, Santiago de Compostela

2022. Dependenta de tenda de alimentación

2023. Curso de animación 2D, 3D e emprendemento, Fundación YNCIDE

2024. Dependenta de tenda de roupa


2024-actualidade. Ciclo superior de Artes Plásticas e Deseño na especialidade de Fotografía, EASD Mestre Mateo, Santiago de Compostela

 @__polmartinez

 <https://www.behance.net/daniapol2>

Penta





MENCIÓN DE HONRA

Iago Lourido Calvo

Ferrol (A Coruña), 2004

O 29 de outubro de 2024, unha DINA (depresión illada en niveis altos) assolou a Comunidade Valenciana causando unhas graves inundacións que deixaron máis de 200 falecidos e incontables danos materiais e emocionais que aínda duran ata o día de hoxe.

Soterrat retrata o ambiente presente nos primeiros días tras a traxedia nas localidades valencianas de Massanassa, Alfáfar, Catarroja, Benetússer e La Torre.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020-2022. Bacharelato de Artes, IES Concepción Arenal

2022-2024. Ciclo superior de Artes Plásticas e Deseño na especialidade de Fotografía, EASD Mestre Mateo, Santiago de Compostela

2023-2024. Axudante de rodaxe na produtora La Bellavista

2023-actualidade. Fotógrafo e colaborador da ONG Briegal

2024-actualidade. Equipo de produción no festival audiovisual Chanfaina Lab

2025. Cobertura dos incendios en Galicia para a axencia internacional de noticias Viory

Soterrat





MODA

PERSOAS PREMIADAS

1º premio

Nahir Álvarez Alonso

2º premio

Lucía Beltrán de Navasqüés

3º premio

Sara Rodríguez Cancela

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Mónica García Fernández

Xefa do Servizo de Programas e Mobilidade Xuvenil da Dirección Xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Paula Montoto Blanco

Belén Correa Corredoira

Patricia García Lema

María de Fátima Díez Platas

Gala Alba Vázquez Torrado

Secretaria

María Ayude Puga



1º PREMIO

Nahir Álvarez Alonso

A Guarda (Pontevedra), 2002

A colección *A forma do medo* está inspirada nas películas de terror dos anos vinte. Desde a aura fantasmagórica de *A carreta fantasma*, representada por tecidos volubles, fluídos e translúcidos; pasando por *Nosferatu* e *O gabinete do doutor Caligari*, que achegan esas formas e siluetas máis punzantes e distorcidas, creando un ambiente de ameaza; e chegando finalmente a *Dr. Jekyll e Mr. Hyde*, coa súa contraposición entre o ben e o mal, o humano e o monstruoso.

Todos estes recursos se recollen na colección: formas afiadas, deformación das pezas de roupa, manipulación manual dos tecidos e repetición obsesiva de certos elementos, todo para xerar un aire propio de distorsión, ansiedade visual e decadencia.

Entre os tecidos destaca un, tinguido á man e empregado en dous deseños, que crea un efecto espectral único. Destacan as dúas pezas de rede, tecidas polas redeiras da miña vila, e un abrigo con bordados manuais que encerran a esencia da colección. Finalmente, os estampados gótico-tribais, que completan este universo onde a moda se converte no reflexo silencioso dos nosos pesadelos máis profundos.

 [by_nahir.alvarez](https://www.instagram.com/by_nahir.alvarez)

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2020-2022. Ciclo superior en Patronaxe e Moda, CIFP Manuel Antonio, Vigo (Pontevedra)
- 2022. Prácticas FCT como modista en Emilio Salinas Atelier
- 2022-2025. Deseño de moda, Escola de Moda FormArte, A Coruña
- 2025. Prácticas académicas como deseñadora de moda en Décor

A forma do medo





2º PREMIO

Lucía Beltrán de Navasquies

A Coruña, 1996

Este proxecto explora o ascenso e a caída de mulleres da clase alta americana que pasan do privilexio nos anos trinta á ruína nos cincuenta. A Gran Depresión, a guerra e os soños frustrados lévanas a atopar na roupa unha fuxida do puritanismo.

A investigación inspírase en iconas decadentes como Tallulah Bankhead, Blanche DuBois e os «cisnes» de Truman Capote. Figuras coma Little Edie e Iris Apfel impulsan a recollida e resignificación de obxectos *vintage*.

O obxectivo é transformar estas pezas con técnicas de capas e modelaxe para crear *looks* caóticos e decadentes. Filmes como *Sunset Boulevard* e figuras como Joan Crawford son esenciais. Crawford representa a perda de status no Hollywood dos anos cincuenta e foi xulgada por aferrarse ao luxo do seu pasado.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2021-2024. Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda, Universidade de Vigo

2022. Auxiliar de vestuario para a serie *Ghuasapp*, produtora CTV, CRTVG

2023. Auxiliar de dirección de arte para a serie *El Jardín*, DLO Producciones, Netflix


2025. Axudante de dirección de vestuario e arte no documental *Ana Kiro*, produtora Miramemira

 @luladenav

 <https://debut.webs.uvigo.es/lula-de-navasques-esp-2024/>

Liturgias: superficial e ficticia





3º PREMIO

Sara Rodríguez Cancela

Santiago de Compostela (A Coruña), 2001

A colección *Ruliña* é un reflexo da infancia, con pezas inspiradas en momentos máxicos e emocionais. Cada peza está impregnada de nostalxia e recordos, desde as saias plisadas dos uniformes ata os suaves xerseis de punto feitos á man. Os detalles como bordados e estampados evocan a nostalxia da infancia, mentres que a manipulación de tecidos como o niño de abella lles engade encanto ás pezas.

Tamén se enriquece coa reutilización de elementos e detalles que ofrecen un maior valor emocional. Entre eles están as colchas antigas da casa onde a deseñadora pasou toda a súa infancia, que foron transformadas en pezas que levan consigo a historia e o encanto deses momentos. Este enfoque de *upcycling* non só lles dá nova vida a obxectos esquecidos, senón que tamén lle infunde á colección un sentido de autenticidade e conexión co pasado. Con cores como o rosa e o azul mariño créanse diferentes estampados que traen recordos da infancia, como a roupa de mesa das nosas avoas, mentres que os complementos están inspirados nas bolsas da merenda escolares, que son os que completan a narrativa.

A colección é una homenaxe emotiva á infancia, una viaxe emocional a través do tempo que fusiona os recordos e a moda en cada peza.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020-2024. Grao en Deseño de Moda, EASD
Mestre Mateo, Santiago de Compostela

2023-2024. Erasmus en Milán, Accademia di Belle Arti di Brera

2024-2025. Deseñadora de moda, Beflamboyant

2025. *Sales assistant*, Bimba y Lola

2025-actualidade. Mestrado en Business Administration, European Business Factory

2025-actualidade. Mestrado en Xestión de Empresas de Moda, European Business Factory



@sara.rocan



<https://sararportfolio.my.canva.site/>

Ruliña





MÚSICA

PERSOAS PREMIADAS

1º premio

Martín Rodríguez Díaz

2º premio

Abraham Santiago Reboredo, Celia González González,
Gabriel Macías Santiago e Sara Balboa Pérez

3º premio

Alba Raña Barreiro

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Silvia Negreira Vidal

Subdirectora xeral de Programas e Asesoramento para a Xuventude da Dirección Xeral de Xuventude
(Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Marcos Vázquez Silva

Salvador García Cal (Salva Ronko)

Marián Romero Romero

Rosa María Cedrón Fernández

Carlos Daniel Landeira Pena

Secretaria

Celsa Bouzas González



1º PREMIO

Martín Rodríguez Díaz

Vigo (Pontevedra), 1999

Dúas cancións de carácter intimista e reflexivo. *Obsesión* fala dos dilemas e inseguridades de levar unha vida dedicada á arte. *Lembrar* é unha reflexión melancólica sobre o tempo e a beleza dos pequenos detalles.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2018-2022. Grao superior en Interpretación de Piano Jazz
- 2022-actualidade. Formación en mestura e masterización de son, The Mars Citizen Academy
- 2023-2025. Actuacións en directo co grupo The Hendersons
- 2023-2025. Produtor musical para artistas emerxentes
- 2024. Músico acompañante do artista Pol Granch
- 2024-2025. Actuacións en directo co proxecto *Planeta marte*

 https://www.youtube.com/channel/UCGTCH0_njLTCu0dB3o_HRZw

 @marritmusica

Obsessão e Lembrar





2º PREMIO

Abraham Santiago Reboredo

O Carballiño (Ourense), 1995

Celia González González

Ourense, 2003

Gabriel Macías Santiago

Bardadás (Ourense), 2004

Sara Balboa Pérez

Ourense, 2004

Nos dous temas a improvisación está sempre presente.

O tema *Empatía, un idioma para entendelo todo* é un 2º movemento. En palabras de Abraham: «Para min, como compositor, o título desta obra ten incluso máis importancia e relevancia ca a propia música, cousa que nunca me pasou con outras».

O tema *Son de Ourense* foi composto no ano 2016, pero é neste certame cando se toca por primeira vez. O tema desenvólvese sobre un *ostinato* rítmico continuo que fai o pianista na man esquerda, emulando o ritmo tradicional galego (como ben podería ser unha pandeireta). No caso desta composición, xógase moito intercalando o propio tema principal coa improvisación. E así poder recrearse na liberdade, sobre todo do piano, para poder modificar e variar segundo o momento.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

Abraham Santiago Reboredo

Piano e composición

Celia González González

Violín

Gabriel Macías Santiago

Violín

Sara Balboa Pérez

Violonchelo

 @abraham_santiago_reboredo

 @sarabalboa_

 @kelimusiclogy

Empatía, un idioma para entenderlo todo e Son de Ourense





3º PREMIO

Alba Raña Barreiro

Vigo (Pontevedra), 2001

Fantasia sobre Lela, de Juan Durán, constitúe un fito destacado na historia musical de Galicia. Inspirada nun dos temas populares galegos máis representativos, é para min unha verdadeira honra regresar á casa desde o estranxeiro e renderlle homenaxe á miña cultura coa súa interpretación, especialmente neste ano 2025, Ano Castelao, no que se conmemora o 75º aniversario do falecemento do célebre autor e creador do poema. Pola súa banda, a peza clásica de conclusión, de carácter breve, será o primeiro movemento da *Sonata en mi maior* de Joseph Haydn, que xa tiveron ocasión de interpretar en diversos auditorios ao redor do mundo, destacando pola súa brillantez e claridade efémera.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2019-2023. Grao en Pedagogía Xeral e da Linguaxe Musical, Conservatorio Superior de Vigo
- 2021. Premio extraordinario de ensinanza artística profesional na modalidade de Música na Comunidade Autónoma de Galicia
- 2021. Terceiro premio e premio ás mellores pezas obrigadas no Concurso Nacional de Piano Reveriano Soutullo, Ponteareas
- 2021. Primeiro premio absoluto no WorldVision International Music Contest
- 2021. Terceiro premio absoluto no Medici Music Competition de Londres (Inglaterra)
- 2022. Premio Pepito Arriola á mellor pianista galega no Vigo International Piano Competition
- 2022. Cuarto premio no Beethoven Bonn Wettbeberb de Bonn (Alemaña)
- 2022. Primeiro premio no Concurso de Solistas do Conservatorio Superior de Música de Vigo
- 2022. Praza activa de piano, harmonio e celesta na Gustav Mahler Jugendorchester (GMJO)
- 2022-2025. Grao en Piano Solista, Hochschule für Musik Detmold (Alemaña)
- 2023. Certificado oficial de alemán Goethe-Zertifikat Alemán C1+, Goethe-Institut
- 2023. Finalista bolseira na Universidade Humboldt de Berlín (Alemaña)
- 2024. Mestrado en Musicoloxía Aplicada, Universidade da Riox
- 2025. Terceiro premio no Brescia International Competition (Italia)

Fantasia sobre Lela e Sonata nº 46 em mi maior, Hob. XVI: 31, Moderato





NOVELA CURTA

PERSOAS PREMIADAS

1º premio

Tania Castelo Martínez

2º premio

Laura Valeria Gutiérrez Caneda

3º premio

Aarón Barreira Diz

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Mónica García Fernández

Xefa do Servizo de Programas e Mobilidade Xuvenil da Dirección Xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Armando Requeixo Cuba

Elena Gallego Abad

Ramón Domínguez Veiga

Tamara Novoa Alonso

Secretaría

Eva María Martínez Abastida



1º PREMIO

Tania Castelo Martínez

Mazaricos (A Coruña), 1995

Ninguén está tan ben como parece nin tan perdido como pensa. *Nós, os tolos* é un retrato coral sobre a fragilidade da mente, contado a través dos ollos de Marta, terapeuta ocupacional que, xunto co seu equipo de saúde mental comunitaria, é testemuña da historia que se agocha tras cada nome. Nesta novela fábase da vida tal e como é, ou como eu a entendo: rara e divertida ás veces, crúa e difícil outras, e sorprendentemente humana case sempre.

Tamén se fala da beleza do diferente, da necesidade de avanzar aínda cando non se teñen todas as respostas, da esperanza que agarda nos novos comezos, da compañía e dos coidados que non curan pero sosteñen, e de todos eses pequenos xestos que manteñen en pé os nosos días.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2013-2017. Grao en Publicidade e Relacións Públicas, Universidade de Vigo

2021-2022. Técnica de captación de fondos na Asociación Española Contra o Cancro, Lugo

2024. Docente substituta na materia de Relacións Públicas, 1º curso do grao en Publicidade e Relacións Públicas, Universidade de Vigo

2025-actualidade. Funcionaria, Dirección Provincial do INSS, Madrid

Nós, os tolos (fragmento)

CAPÍTULO 1: Berta, 52 anos

A casa quedaba ao final dun camiño que parecía estar pedindo desculpas por existir. Nin sinais, nin nome, nin certeza de que aquilo non fose simplemente monte mal aproveitado. Mentres lago suxería dar outra volta arredor da última rotonda, Laura miraba o móbil sen cobertura, tentando comprobar se seguíamos no planeta Terra.

—Estará mal posto o enderezo? —dubidou—. Con esta brétema non se ve nada.

Non lles fixen caso. Pisei o freo —quizais demasiado bruscamente, porque ambos botaron man á asa da porta nun movemento perfectamente sincronizado—, respirei fondo, observei ao meu redor con cara de profunda concentración e... *voilà*.

—Alí está! Rapaces, vexo unha cheminea. Ten que ser aí.

A primeira impresión foi que non había ninguén, como se a casa estivese abandonada. A segunda, que alguén había, pero que non nos quería ver. Petamos unha vez. Dúas. Tres. Nada. lago xa andaba a buscar a lanterna no peto lateral da mochila —a que ten «polo si ou polo non»—, dicindo polo baixiño:

—Chamamos xa a Cuarto Milenio? Non trouxen o aparato ese que rexistra psicofonías.

Nese momento abriuse a porta. Non moito. Un par de dedos, o xusto para que unha voz de muller, seca e sen rostro, dixese:

—Se veñen vender algo, aquí non queremos nada.

Laura, sempre delicada, presentouse cun ton de voz que debería estar regulado por algunha lei de paz universal. Eu sorrín como puiden, que sempre me sae un pouco raro cando non sei se estou nunha intervención profesional ou metida nunha escena de *Twin Peaks*. lago, tentando parecer seguro de si, achegouse lixeiro e soltou un «ola» tan neutro que podería ter sido tamén un «socorro».

A porta cedeu un pouco máis. A muller era pequena, maior, feble, e levaba posta unha chaqueta de punto que parecía que

pasara por varias guerras sen saír da casa. Non dixo «pasade», pero tampouco dixo o contrario. Entramos.

A casa tiña ese cheiro difícil de definir que combina ferro vello, roupa húmida, caldo recocado e algo que non souben identificar ata tempo despois: desesperanza. As cortinas estaban corridas. O reloxo da parede tiña as agullas paradas. Nun estante, unha virxe cuberta cun pano. Nalgún sitio, unha radio vella, apagada. E no aire, ese silencio que, parece, deixaron pasar hai anos e ninguén foi quen de botar fóra.

E alí, na penumbra, sentada nunha banquetta de madeira, estaba ela. Berta. Coas mans pousadas no colo, mirando para nós cos ollos moi abertos, como se levase moito tempo esperando a que alguén a vise. A que a mirasen de verdade.

Laura sentou primeiro. Sempre o fai ocupando o espazo tranquilamente, sen pedir permiso pero mantendo a distancia xusta para non invadir un universo ao que non foi convidada. lago quedou de pé, medio detrás de min, e eu, co bolígrafo xa na man, abrín o caderno nun ritual que parece facelo todo máis sinxelo.

—Somos do equipo de saúde mental. Viñemos ver como están —avancei.

Berta non dixo nada. Nin sequer un aceno. Seguía sentada, erguida coma un pau, cos xeonllos xuntos e os ollos cravados agora en min. Tiven que conter as ganas de dicir «bo día» outra vez, coa esperanza de que repetir fórmulas básicas puidese desbloquear a situación.

Foi a muller que nos abría a porta quen falou:

—Non sabíamos que viñan. Hoxe non é día de visita.

—Viñemos porque hai tempo que non sabemos nada de Berta —afirmou Laura.

A muller mirou para ela como se lle acabase de dicir que o pan se cociña co lume do inferno. Non respondeu. Achegouse á cociña e comezou a preparar café. Sen dicir palabra. Igual era iso o que tocaba facer cando aparece xente que non se convidou: café.

[...]



2º PREMIO

Laura Valeria Gutiérrez Caneda

Ourense, 2004

Cando es adolescente e a xente ao redor ten parella e nesas parellas hai comportamentos que todas temos normalizados, non te paras a pensar e a reflexionar en que hai algo malo en certas dinámicas ou que hai experiencias que ningunha debería vivir.

Co paso do tempo, fun reflexionando e decatándome de que moito do que tiña ligado a unha normalidade adolescente non debía ser tal, quixen falar dunha experiencia nesa idade que, por desgraza, considero máis habitual do que debería, pero tentando afastarme de certos clichés asociados con este período vital. Tomei referencias no meu contorno, pero tamén engadín elementos que naceron na ficción para afastarme dunha realidade completa.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2022-actualidade. Grao en Lingua e Literatura Españolas, Universidade de Santiago de Compostela

2022-actualidade. Formación actoral regular, Espazo Aberto, Santiago de Compostela

2024. Gañadora do I Certame Literario Antón Tovar, Padroado do Museo da Limia, Vilar de Santos

Goma de borrar (fragmento)

VII

O día seguinte á tormenta regresamos á praia. As nosas seis toallas tres contra tres desta vez. Aquí o catro abandonárame completamente, ese sería o erro, asumo. Corriamos cara ao mar ou ficabamos estomballadas falando, con música ou con ondas.

Non houbo cartas ese día, despois da chuvia nunca había cartas, pois o día de chuvia era día de cartas e as cartas tan seguidas xa non nos entretiñan. Non ver o resto do colectivo, que mutilaba a nosa individualidade, non era unha opción.

A tormenta deixara húmida a area e as nosas toallas enzoufáranse dela antes de meternos sequera no mar. Aquel día non me bañei, tiña a pel de pita do vento morno que me enleaba os cabelos. Fiquei soa e sentínme poeta.

Retornárame de golpe a individualidade, tumbeime boca abaixo, porque canto máis pegada ao chan menos frío pasas. Pechei os ollos para evitar os refachos que me enchían de area os ollos. Vinme dende arriba, semellaría durmida, unha serea aboando na area, unha serea que faría naufragar, unha serea que nunca sería musa, unha serea con pernas e con voz, unha serea á que ninguén podería retratar porque antes de facelo ela os afundiría no máis profundo dos abismos. Todo semellaba e nada era.

Uns pasos enchéronme de area.

Odiaba que me enchesen de area.

Odiaba que me sacasen da miña individualidade.

Odiaba, odiaba, odiaba.

Realmente non era xenreira, a xenreira de verdade chegaría anos máis tarde, con recordos afumados e tempos de goma de borrar.

Unhas voces semicoñecidas, dúas, masculinas, coñecidas nunha tormenta. Tiven que enderezarme, oxalá a miña individualidade me permitise ignorar todo o que pasaba ao redor. Unha cami-

seta tiña frío, o suadoiro incluído, a capucha non porque non se me vería o meu longo pelo de 15 anos.

Falei ou simplemente saíron palabras da miña boca medianamente conectadas, eran voces descoñecidas, nunca me gustaran as voces descoñecidas, seguen sen gustarme. Aguantei o tempo aguantei aguantei aguantei, cordialidade tras tema intrascendente, pregunta de cortesía que non me interesaba e mentres xiraba de cando en vez a miña face ao océano. Cando retornarían os cinco puntos de cores que elidían a miña individualidade?

Chegaron e encheron o ambiente de humidade e salinidade.

A auga zumegaba por todos os seus poros e as toallas enchéronse aínda máis de area. O ambiente zumbaba agora, mentres as miñas neuronas buscaban o xeito de volver á súa mente conxunta, o aire morno imprimía salinidades nas peles de 15 anos que non eran as miñas. As nosas eran as únicas peles de 15 anos alí presentes.


Un zunido instalouse na miña mente, os seus ollos escaneando, escaneando peles de 15 anos, os seus ollos de serpe, os seus ollos de réptil, os seus ollos húmidos, os seus ollos con cuspe. Eu coa miña armadura de felpa tentaba entrar na mente colectiva. Saber. Gustábannos ou repeliánnos os ollos ofídicos.

Os ollos derretíanse e eu sentíame ferver. Desexaba ser o punto de ebulición, pero non sabía se era o que nós queríamos.

Busquei ser parte de novo da colectividade, pero ao non completar o rito de pasaxe daquel día, ao non ter realizado o bautismo conxunto, aquel día non puideron formar parte da colectividade. Non podía saber como chegaran alí as peles que non eran de 15 anos, nin que opinión tiñamos delas aquel día, nin que pensabamos dos seus ollos derretidos.

Os meus beizos ese día permaneceron doces.

[...]



3º PREMIO

Aarón Barreira Diz

Ourense, 1996

Logo de sufrir unha gran perda, a familia dos Caveira decide abandonar o seu vello piso de Vigo e mudarse a un novo barrio para tentar deixar atrás os malos recordos. A pequena Marta, igual ca seus pais, tenta levar do mellor xeito posible o triste Nadal que se avexiña refuxiándose na pintura. No medio desta escuridade, unha man amiga aparece ao outro lado dun vello cadro do seu avó, ofrecéndolle o consolo e a solución aos seus problemas: pintar unha nova realidade máis feliz empregando uns pinceis máxicos.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018. Grao en Historia

2019. Mestrado en Profesorado na especialidade de Xeografía e Historia

2023-actualidade. Técnico de desenvolvemento, Tecdesoft

Os mundos pintados de Marta (fragmento)

I

Marta xirou a chave dúas veces mentres abría a porta coa punta das zapatillas deportivas. Un clic da manivela e un ruxido das bisagras despois, a entrada alfombrada con caixas da primeira descarga deu a benvinda á familia Caveira. As fiestras da sala de estar, que foran deixadas abertas para ventilar o apartamento, levantaron unha nube de po na entrada, facendo que Marta espiñase.

—Saúde —dixeron os seus pais ao unísono, sorrindo.

Cruzaron o limiar e comezaron, onde aínda había sitio, a deixar caixas, bolsas e un portatraxes dun quilómetro de longo. Con esa segunda viaxe, remataran de descargar o coche e, oficialmente, abandonaran o seu antigo apartamento na Travesía de Vigo en favor deste no barrio do Castro. O seu pai debeulle ler a mente, porque acendeu a luz do corredor antes de anunciar:

—Pois ben, aquí estamos. Apartamento novo, vida nova.

Marta tusiou e levou unha das mangas ao nariz. O lugar cheiraba a humidade e mofo, a pesar de que os seus pais pasaran unha boa semana visitándoo armados con vasoiras, fregonas, panos e moita moita lixivia, limpadores de chans e desinfectantes. Se isto fora o resultado dunha limpeza intensiva, nin sequera podía imaxinar como debeu ser ao principio.

A súa nai dirixiuse á cociña coas bolsas térmicas. Estivera insistindo toda a viaxe en que debían ser o primeiro que se gardase porque non se podía romper a cadea de frío. O seu pai, pola contra, dirixiuse ao cuarto da lavadora para buscar a billa da auga. Toda a semana estivera roldando os radiadores da casa coma un lobo arredor dun coello, purgándoos e comprobándoos para que estivesen perfectamente listos para funcionar cando chegase o frío do inverno. Non había nada que odiase máis que estar xeados durante aquelas datas.

Marta quedou alí no medio, vendo como os seus pais desaparecían polas súas respectivas portas. Sempre lle gustara o piso dos seus avós; alí durmía a miúdo durante as vacacións ou cando

chegaba tarde despois de pasar o día cos seus amigos en Rosalía de Castro pero, agora que xa non estaban, sentía que lle faltaba algo. Non importaba que o seu cuarto fose o mesmo no que sempre quedaba. Non importaba que os mobles estivesen no seu sitio. Non importaba que a casa fose agora legalmente dos seus pais. Non importaba o moito que insistiran en que era o seu novo fogar. Marta sentíase como unha invasora.

—Marta, cariño —chamou a súa nai mentres se asomaba pola porta para coller unha bolsa chea de caixas de cereais e galletas—, por que non sobes coa maleta e comezas a gardar as túas cousas? Pero garda a roupa ben no armario, de acordo? Nada de tirala de calquera xeito que logo engúrrase e son eu a que terei que pasar o ferro.

Marta buscou a maleta arredor antes de responder.

—Si, mamá.

Agarrou a asa e comezou a subir as escaleiras. O apartamento era máis ben un dúplex. Unha reliquia, como lle explicaran os seus pais, de cando os apartamentos eran baratos e se construían moitos. De querer, poideron vendelo por unha boa cantidade, pero a súa nai non quería facelo porque era a casa na que ela medrara, e o seu pai non quería alugalo porque dicía que os inquilinos só causan problemas. Así que, cando os seus pais decidiron que tiñan que deixar o antigo apartamento, tiveron moi claro onde irían despois.

Chegou ao último andar e cruzou o corredor. O seu cuarto estaba ao final. Abriu a porta e comprobou que, agás a cama desfeita e a ausencia de cortinas, todo estaba esencialmente onde o deixara a última vez que visitara o seu avó. O pobre home estivera moi deprimido despois da morte da súa avoa, e os seus pais dixeranlle que fose alí para animalo, pero aínda que a visita servía de algo, a verdade era que el só podía pensar en irse coa súa muller; sempre coa frase «se Deus me levase coa miña Juliana» nos beizos.

[...]



POESÍA

PERSOAS PREMIADAS

1º premio

Ciro Briones

2º premio

Clara Pérez Martínez

3º premio

Xián Lois Alcayde Dans

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Silvia Negreira Vidal

Subdirectora xeral de Programas e Asesoramento para a Xuventude da Dirección Xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Xosé Luna Sanmartín


Luis González Tosar

Víctor Manuel Furelos Guillén

Rosalía Morlán Vieites

Secretaría

Pilar Tamerón Montesinos



1º PREMIO

Ciro Briones

A Pobra do Caramiñal (A Coruña), 1996

Soño con días altos recolle doutros alentos poéticos e artísticos un mundo onírico do verán. Desde a primeira cereixa do verán que enfía o que será o tecido do conxunto poético, vanse desenvolvendo diferentes imaxes que lindan o entresóño e a realidade. Este entresóño sitúanos na mirada dun neno, dun sentinela cara á ría, dun fillo que regresa; a da imaxinación artística ou do amor. O poemario confórmase por episodios de verán, reflexivos e fondos, que se deixan desfacer e enfiar segundo as palabras se dispoñan para crear narracións lúdicas e sensitivas. Entre as referencias que serven de agulla para tecer os poemas atopamos a Carlos Penela, Manuel Rivas, Clarice Lispector, Max Ernst, Etel Adnan e Día Sexto.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2016-2020. Grao en Educación Primaria

2021-2023. Profesor de español como lingua estranxeira

2023-actualidade. Monitor de atletismo

2024-2025. Mestrado en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria

2025. Socorrista en espazos acuáticos naturais

Soño con días altos (fragmento)

«Me dispongo al sentido en que me sueño y hay dos fronteras
El silencio y la luz
Una escala de notas y un ojo grande sosteniendo al mundo»

-Carlos Oroza-

Soño coa primeira cereixa do verán

comezando o outono caen follas de plataneiro
fágolles furados cos dedos, un por cada dedo
e multiplico os ollos cos que mirar o universo
que non é máis que o tempo en que durmimos.

Soño coa segunda paisaxe do verán

pendurado sobre un penedo
o salitre invadindo cada poro
en fronte o lume da solada
flotan sobre o corpo un par de dornas

xogan ás carreiras, foxen
como caramexas entre as leiras
como crianzas desesperadas por saír
de lugares asediados sen piedade

nun intre despedirémonos
e nas costas todo será fusco
imaxino que mergullo
e apaño un par de nécoras
para alimentar o soño dunha ría
onde *cormoráns* rescatan navegantes
de caer no fondo da indolencia.

Soño coa terceira aperta do verán

temos a mesma cor de ollos, o mesmo cabelo louro
mais non recordo sementar versos na primavera
nin regalos polas noites como unha nai insomne
que agarda da esperanza un intre máis doce

e do mundo un espello agradecido
daquilo que fixo agardando a dor doutra espiña

somérxeste sen traxe, só coa carga dunha hora estragada
perto do teu coração selvagem ilustraches Lalande
unha fiestra para ollar o tremelar do mar rompente
coas túas dedas esvarando sobre o lenzo
co peso dun corpo que imputa a realidade por inxusta

naquel segundo cravaches unha pegada no teu peito
imprimiches un acocho, un latido con forma de fogar
rescataches das augas unha peza de madeira
da que suxeitarse cando o mundo advirta do final
cando a chuvia escorregue polas tellas sen permiso
como alarmando a humanidade da terra estragada

repousan húmidos os fentos preto da alborada
aínda agardas un retorno como dun fillo emigrado
eu contemplo dende o portal a altura dos teus ollos
subo as escaleira, os monstros asexan en cada andar
a porta entornada, sentada fumando, sen acenos
paso, séntome sen fumar, busco no teu mar un iris
unha vez recoñecidos pido un oco ao teu carón
unha vez máis nos apertamos no infindo dun soño.

Soño coa cuarta pintura do verán

vínganse os nenos do rousinol
por ameazante e bocalán
pouso na terra os *pinyols*
meticuloso artista dos regos
liberade ás masas!
liberdade para as cores

teño o vicio de soñar en verso
e espertar con flores na almofada.

[...]



2º PREMIO

Clara Pérez Martínez

Castro-A Bola (Ourense), 1999

Con infusión de llantén, infalible remedio da avoa, agarimoso e fumegante carreiriño á reflexión, resulta insuficiente para aliviar algunhas inquedanzas que se van liberando encriptadas entre versos.

Ao inicio, faise referencia á sombra como esa rede que podería ser tecida pola recorrente figura da murmuradora, na que van engarrando prexuízos, valores impostos e logros agardados a presión, ata levar a rastro toneladas dunha personalidade creada polo alleo. Todas a cargamos, irremediable. Posteriormente, empregando a perspectiva axeitada a contraluz, descóbrese o seu carácter dinámico. As ataduras da opresiva rede afrouxan e desenlean para ir modificando o seu contido: elimina, cambia, muta, perfecciona. O que somos xa non é o que eramos. Ao final, a voz poética racha con todo sen saber se algún día chegará a coñecer realmente quen a habita.

A obra menciona a aversión á ambigüidade como crítica ante o afán social por definir, etiquetar, clasificar, asociar, expor ou calcular cada un dos infinitos trazos que nos conforman como seres, invitando ao debate. Un baleiro no coñecemento desta información non debería supoñer diferenzas no trato de respecto ao outro. No utópico, a tolerancia á diversidade non precisa tanta enciclopedia, só as palabras empatía e bondade. As demais, para a poesía.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2017-2023. Grao en Medicina

2025-actualidade. MIR de Medicina Familiar e Comunitaria na área de Vigo

Con infusión de llantén (fragmento)

Dendritas enleadas chispean ante a hipocrisía da sombra.

Curtocircuitan confinamento eu portadora

sombra

exhala erros escorregadizos entre branquias de pel de píntega, prohibido

cuspir cinetose, viscosidade

arcadas cunha présa escamosa sen anticoagular

calculando a tensión dende o silencio envorcado no profundo

os milímetros de sedeoño que me separan do afogo

de tirar minimamente.

Un atributo un lastre un uroboros.

Voa o sol co derradeiro fermento baixan miñatos

acios enmarcan o horizonte de rapina e pousa e revela alomórfica, pesa

intimidante, repleta rebordando ebrias ausencias sen pulso

unha figura que se estende ás miñas costas.

A ambigüidade xera aversión.

Sacúdoa apuro as zancadas trato de deixala atrás tropezo

agroman tubérculos graníticos nos calcáneos esfolando as pegadas

mais perfora timpánico o eco a ambigüidade xera aversión.

Emocións en maridaxe acougan nun apeadoiro a contraluz.

Esclarecen negativos en tendais de indecisión

d i n á m i c a

analiza algoritmos xiratorios en noites dun blues-rock de purpurina, torna

bailar etiqueta, suposición

remendos de fé alén da rugosidade apalpable

intercedendo a ritmo dopaminérxico pé dese abismo

os pétalos de margarida que me conceden a palabra

de saír impares.

Unha fírgoa unha eclipse unha imposición.

Cae o fume unxido a noite moxega bagutos

segredos sopran ao oído de espiral arelanzas lixeiras e opacidade, irta

vesánica, remoendo entre amnésicas circunvolucións cerebrais

inda me vai pisando un reflexo animal sen identificar.

A ambigüidade xera aversión. Eu mesta.

[...]



3º PREMIO

Xián Lois Alcayde Dans

A Coruña, 1997

As familias propón un percorrido lírico e fragmentario pola memoria persoal e colectiva, evocando os espazos domésticos, as herdanzas afectivas e o paso do tempo. A voz poética reconstrúe as transformacións da casa, das relacións e do propio país, entre o pasado e a ruína contemporánea. O texto artículase en tres partes que combinan o rexistro evocador coa reflexión sobre o que permanece: a infancia, o verán, a perda e a resistencia ante o cambio. O texto converte o cotián nun territorio simbólico onde se mesturan fe, memoria e desexo de permanencia.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2016-2020. Grao en Xornalismo, Universidade Complutense de Madrid e Universidade de Santiago de Compostela

2019. Redactor no *TX Mediodía*, CRTVG

2020-2021. Mestrado en Xornalismo e Comunicación

2021. Redactor, Fundación Paideia Galiza

2021. Redactor, Consellería de Emprego e Igualdade, Xunta de Galicia

2021-actualidade. Doutoramento en Información e Comunicación Contemporánea, Universidade de Santiago de Compostela

2024. Bolseiro de investigación, Consello da Cultura Galega

2024. Bolseiro de investigación, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

As familias (fragmento)

Un


Os primeiros pasos foron precedidos
do movemento das cuncas e das cerámicas para unha festa.
Naquel palimpsesto de mans
aniñaba o fermoso antes da chegada
que para os meus, así, soaba a benvida.

Veu todo isto en min antes da aparición plena do verán:
así coñecín, ao medrar, os solpores alaranxados e
as glorias dos corpos.
Así é todo cando es consciente do teu,
eu aínda non o era.

Eu era unha dependencia máis
da casa ateigada de luz e manteiga,
co amor de luns a venres xa dosificado,
como as receitas do libro de cociña.
Nas pantallas tiña touradas e bailarinas, tamén gromos de cores
nos muros das casas vellas,
máis vellas cás vivendas tristes de formigón
ás dúas beiras da estrada.

Falaba antes, ao comezo,
do verán aquí
porque nesa estación a madurez das cousas
xúntase coa madurez dos líquidos no corpo.
Tería entón sentido que nos dixésemos anos máis tarde,
no mesmo lugar, xa dúas outras persoas,
xa dúas outras familias,
o quérote de rigor e as esperas no lugar do copiloto
do coche, do olor a piñeiro artificial, da area nas dedas.
A vida das familias anda no medio de todo isto.

[...]



TEATRO

TEATRO AMADOR

PERSOAS PREMIADAS

1º premio

Os Palimoquiños

2º premio

Labarata Producións

3º premio

Vai no Dentista

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Mónica García Fernández

Xefa do Servizo de Programas e Mobilidade Xuvenil da Dirección Xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Inmaculada López Silva

Artur Trillo Sendón

Antonio Vázquez Turnes

Belén Díaz Bouzas

Secretaría

Eva María Martínez Abastida



1º PREMIO

Os Palimoquiños

Un grupo de teatro de adolescentes está a un mes de estrear unha obra e non sabe que facer, polo que estes empezan a falar e a investigar sobre ETA.

Zulo percorre o nacemento de ETA ata Hipercor.

FORMACIÓN ACADÉMICA

Paloma Lugilde Rodríguez, Noia (A Coruña), 1974

Dirección da obra. Licenciada en Dereito, especialista en Dereito Xudicial. Grao profesional de Danza Contemporánea

María Díaz Mourín, Lugo, 1999

Licenciada en Dereito

Ramón Fernández González, Lugo, 2000

Licenciado en Maxisterio. Estudante na ESAD, Vigo

Noa Álvarez Pastoriza, Lugo, 2007

Estudante na RESAD, Madrid

Maruxa Bruña Alonso, Lugo, 2008

Cecilia Álvarez Núñez, Lugo, 2008

Sara López Gil, Lugo, 2008

Area López Franco, Lugo, 2008

Yaiza Castro Vázquez, Lugo, 2008

Xandre Mauricio Vázquez, Lugo, 2009

Aila Álvarez Brito, Lugo, 2008

Sabela Prado Pita, Lugo, 2008

Estudantes de bacharelato

TRAXECTORIA PROFESIONAL DO GRUPO

2023. Representación de *Don Juan*, *Gheto* e *Quen ocupa esa cadeira?*

2024. Representación de *Don Juan*, *Así que pasen cinco anos*, *Quen ocupa esa cadeira?* e *Que fixemos?*

2024. Xira coa obra *Borralliña* pola provincia de Lugo co Buxiganga

2025. Representación de *Quen ocupa esa cadeira?*

2025. Representación de *Borralliña*, Auditorio Fuxan os Ventos (Lugo)

2025. Estrea de *Zulo*, Auditorio Gustavo Freire (Lugo)

2025. Representación de *Don Juan* e *Que fixemos?*

Zulo





Labarata Producións

«Lasciate ogni speranza» é como o inferno recibe os infelices que caen nel na *Divina comedia* de Dante. Aquí convértese nunha experiencia escénica que cuestiona a celebración, a identidade e a capacidade de volver empezar. Un retrato colectivo da fragilidade, onde o acto de cear xuntos se transforma nun rito de paso, íntimo e brutal, cara a un novo ano... ou cara a ningures.

Na noite de Fin de Ano, oito persoas unidas pola amizade reúnense arredor dunha mesa para cear, brindar e compartir. O que comeza como unha celebración chea de risas e trivialidades acaba por converterse nun espazo de confesións, medos e verdades que afloran.

Abandonar toda esperanza é unha obra íntima e emocional onde o público rodea a escena, participa do ritual e é interpelado. A medida que os personaxes se despoñan de máscaras e silencios, a cea convértese nun purgatorio emocional que cuestiona a esperanza, as aparencias e a posibilidade de comezar de novo.

Un retrato colectivo da fragilidade humana, marcado polo brinde de Ano Vello, que pode abrir un novo ano... ou non.

 @labarata.productions

 <https://www.facebook.com/labarataprod/>

FORMACIÓN ACADÉMICA

Daniel Baamonde Boquete, Santiago de Compostela (A Coruña), 1981
Dirección e docencia de grupos escolares e afeccionados e cursos relacionados coa interpretación, dirección, escenografía e iluminación

Rosa Santaló Rodríguez, Santiago de Compostela (A Coruña), 1999
Técnica superior de Administración e Finanzas e Asistencia de Dirección
Paula Magariños Feijoo, Santiago de Compostela (A Coruña), 1998
Grao en Filosofía. Mestrado en Formación do Profesorado

Ana Fórneas Torrado, Santiago de Compostela (A Coruña), 2004
Estudante de grao en Pedagogía

Iria Vázquez Lestón, Santiago de Compostela (A Coruña), 2004
Estudante de grao en Psicoloxía

Noa Castiñeiras Sánchez, Santiago de Compostela (A Coruña), 2001
Título de bacharelato

Mario Magariños Feijoo, Santiago de Compostela (A Coruña), 2003
Estudante de ciclo superior de Deseño e Amoblamento

Julio Tabuyo Rodríguez, Santiago de Compostela (A Coruña), 2006
Estudante de grao en Bioloxía

Celia Lema García, Santiago de Compostela (A Coruña), 2006
Estudante de grao en Filoloxía

TRAXECTORIA PROFESIONAL DO GRUPO

2023. Representación de *Dúbida razoable*, Auditorio Abanca (Santiago de Compostela). 23ª Mostra de Teatro Universitario de Galicia e IES Rosalía Mera (A Coruña). Certame de Teatro Escolar e Afeccionado da Deputación da Coruña

2024. Representación de *Ingobernábeis*, Teatro Principal (Santiago de Compostela). 24ª Mostra de Teatro Universitario de Galicia e Salón Teatro (Santiago de Compostela). Final de Teatro Amador do certame Xuventude Crea 2024

2025. Representación de *Abandonar toda esperanza*, Sala Vidal Bolaño (Santiago de Compostela). 25ª Mostra de Teatro Universitario de Galicia

Abandonar toda esperanza



Vai no Dentista



A batalla da fin do mundo de Vai no Dentista é unha atrevida traxicomedia que combina humor, xogo escénico e crítica social nunha proposta tan divertida como inquietante. A partir dunha sinopse que bebe das profecías apocalípticas e das lendas populares, a obra constrúe un relato no que a fin do mundo non é só unha ameaza, senón unha metáfora da realidade que vivimos.

Con sensibilidade, os intérpretes dan vida a un universo onde a guerra, a fame, a perda e a violencia xa deixaron de sorprendernos. Aquela «guerra de nenos e mulleres», en palabras de Vicente Risco, funciona como un potente mecanismo de denuncia: os homes xa non están, pero a batalla continúa e a rapazada é agora protagonista involuntaria dun mundo en descomposición.

A obra destaca pola música en escena, o xogo de luces e o uso do humor, que, lonxe de lle restar forza á mensaxe, a avivan, conseguindo un espazo de reflexión crítica sen renunciar ao entretemento.

Unha proposta valente e necesaria.



FORMACIÓN ACADÉMICA

María Sagrario Torrado Blanco, Boiro (A Coruña), 1972

Profesora de alemán. Coordinadora e promotora do grupo e do EDL do IES A. Xelmírez I, Santiago de Compostela

Martinho Quintela Fernández, Santiago de Compostela (A Coruña), 2008

Actor e músico (batería) na obra. Alumno de bacharelato

Francisco López García, Santiago de Compostela (A Coruña), 2008

Actor e músico (guitarra eléctrica) na obra. Alumno de bacharelato

Cibrán García García, Santiago de Compostela (A Coruña), 2009

Actor e músico (piano) na obra. Alumno de bacharelato e do Conservatorio Histórico de Música, Santiago de Compostela

Xaquín Boquete Mera, Teo (A Coruña), 2009

Actor na obra. Alumno de bacharelato e do Conservatorio Profesional de Música

Ana Otero Calvo, Plasencia (Cáceres), 2008

Actriz na obra. Alumna de bacharelato

Guadalupe Otero Calvo, Plasencia (Cáceres), 2008

Actriz na obra. Alumna de bacharelato

Miguel Mas Montero, Montreal (O Canadá), 2011

Actor na obra. Alumno de educación secundaria obrigatoria (ESO) e do proxecto Estalmat-Galicia

Leiz Irshaid Abdalah, Santiago de Compostela (A Coruña), 2007

Actor na obra. Estudante de Enxeñería Informática

Mencia Arribas López-Anglada, Santiago de Compostela (A Coruña), 2008

Actriz na obra. Alumna de bacharelato

Olivia Torres Pazos, Santiago de Compostela (A Coruña), 2008

Actriz na obra. Alumna de educación secundaria obrigatoria (ESO)

Paula Sanmartín Calvo, Santiago de Compostela (A Coruña), 2008

Actriz na obra. Alumna de bacharelato

Xoana Zas Viña, Xixón (Asturias), 2009

Actriz na obra. Alumna de bacharelato

Adrián Zas Viña, Xixón (Asturias), 2011

Actor na obra. Alumno de educación secundaria obrigatoria (ESO)


A batalla da fin do mundo



TRAXECTORIA PROFESIONAL DO GRUPO

2022. Estrea de *Clandestina*, Teatro Principal (Santiago de Compostela). Certame de Teatro Intercentros de Santiago. Gañadora do Premio Buero de Teatro Joven de Galicia en 2023
2022. Representación de *Criaturas* e *Clandestina*. Certame de Teatro Escolar e Afeccionado da Deputación da Coruña Rosalía Mera

2023. Estrea de *Solo de triángulo en re menor, 2º movemento, 3ª parte. Allegro (pero non tanto)*, Teatro Principal (Santiago de Compostela). Certame de Teatro Intercentros de Santiago.
2024. Estrea de *Unha vez máis*, Teatro Principal (Santiago de Compostela). Certame de Teatro Intercentros de Santiago
2025. Estrea de *A batalla da fin do mundo*, Teatro Principal (Santiago de Compostela). Certame de Teatro Intercentros de Santiago.



TEATRO

TEATRO PRO

PERSOAS PREMIADAS

1º premio

Desatadas

2º premio

Bengala Teatro Físico

3º premio

As Extraordinarias

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Silvia Negreira Vidal

Subdirectora xeral de Programas e Asesoramento para a Xuventude da Dirección Xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Patricia Brito Subtil De Carvalho Portela

Ana Patrícia Torres Severino

Juan Antonio Estrada López

Xaquín López González

Secretario

Francisco Javier Núñez Alonso

1º PREMIO

Desatadas



Dolce far niente é a primeira aposta da compañía emergente Desatadas. A compañía decide comezar a súa traxectoria abordando o seu maior medo: vivir para traballar. A través da documentación da experiencia real da dramaturga e directora nunha cadea de comida rápida, *Dolce far niente* investiga escenicamente sobre como vendemos o noso tempo para poder pagar o alugamento, a luz ou a comida chatarra. O espectáculo coloca no centro a vivencia dunha cociñeira nunha pizzería para poder cuestionar canto estamos dispostas a aturar, canta degradación supón unha xornada laboral e cantos corpos teñen que romper para que chegue unha pizza ao teu prato.

FORMACIÓN ACADÉMICA

Lucía Satta Freijedo, Vigo (Pontevedra), 2000

Grao en Dirección Escénica e Dramaturxia, Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Jorge Destar Vázquez, A Coruña, 2000

Grao en Interpretación no Itinerario Textual, Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Sophia Fernández Rodal, Santiago de Compostela (A Coruña), 2001

Grao en Interpretación no Itinerario Textual, Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

TRAXECTORIA PROFESIONAL DO GRUPO

2025. Representación de *Dolce far niente* no Salón Teatro (Santiago de Compostela). Final de Teatro Pro do certame Xuventude Crea 2025

 @desattada

 @jorgedestar

Dolce far niente





Bengala Teatro Físico

En carne viva danza entre varios mundos, varias personaxes presas da mesma historia e que tratarán de sobrevivir nunha sociedade deshumanizada. Disforia de xénero, frustración, amor, suicidio e xuventude son temas protagonistas nesta historia que investiga e reflexiona sobre a sociedade actual, lanzando unha cuestión ao público: ata onde podemos oprimir un ser humano para que faga o inno-meable?

Somos unha compañía emerxente formada por artistas multidisciplinares que conxugamos as nosas diversas perspectivas e disciplinas artísticas (teatro, audiovisual, danza...) cara a un mesmo obxectivo: reflexionar a través da arte, aspirando a ser paridoras de preguntas. Creamos desde os *view points* e construímos a dramaturxia desde a pregunta: por que se precisa esta obra agora?

FORMACIÓN ACADÉMICA

Andrea Maseda, Cospeito (Lugo), 1993

Grao en Comunicación Audiovisual, Universidade da Coruña. Mestrado en Servizos Culturais, especialidade en Industrias Culturais, Universidade de Santiago de Compostela

An González, A Estrada (Pontevedra), 1995

Grao en Artes Visuais e Danza, especialidade en Teatro Físico, Instituto Universitario Alicia Alonso (URJC), Madrid. Mestrado en Xestión Cultural, Universidade Nacional de Córdoba (A Arxentina). Danza e teatro físico, Siobhan Davies Studios (Londres)

Estrella Tomé, A Pobra do Caramiñal (A Coruña), 2003

Formación en danza clásica no conservatorio de Carmen Roche (Scaena), Madrid. Grao profesional de Danza Contemporánea, Conservatorio Profesional de Danza de Lugo

Alicia López, A Coruña (Santiago de Compostela), 1998

Grao en Belas Artes, UCM (Madrid). Formación en danza urbana e contemporánea

Estela del Río, Ordes (A Coruña), 1991

Técnica superior en Arte Dramática, especialidade de Interpretación Textual, ESADg. Posgrao en Dobrax Audiovisual, USC

Lydia Prada, Culleredo (A Coruña), 1997

Técnica superior en Arte Dramática, especialidade de Interpretación Textual, ESADg

Jorge Castro, A Estrada (Pontevedra), 1995

Ciclo de Realización, CIFP Somo. Grao en Comunicación Audiovisual, Universidade de Pontevedra

Noe Montes, Santiago de Compostela (A Coruña), 1996

Deseño Gráfico, UNED


TRAXECTORIA PROFESIONAL DO GRUPO

2025. Estrea de *En carne viva*

En carne viva



3º PREMIO



As Extraordinarias

Apagón é unha obra de teatro elaborada como traballo final de estudos na ESAD de Galicia e foi presentada en xullo de 2025. O equipo de traballo interdisciplinario foi coordinado, nunha colaboración internacional, por Diana Mihalaşcu, estudante de Dirección na Facultade de Teatro e Cinema da Universidade Babeş-Bolyai, Romanía.

A obra elaborouse a través dunha creación colectiva onde se elixiu como protagonista a Clarisa, unha muller vella, representada por un monicreque de pernas prestadas. A través desta personaxe, buscamos visibilizar e humanizar unha realidade cada vez máis común, rompendo cos estigmas sociais sobre a vellez, que relegan as persoas maiores a roles secundarios, marcados polo idadismo e o paternalismo. Queremos darlle voz, presenza e espazo a quen tantas veces queda fóra do plano principal. Na obra amósase a soidade, a perda de rede de apoio e a perda de capacidades físicas e cognitivas que experimentan as persoas na derradeira etapa vital. Todo isto contado a través dunha dramedia surrealista que integra unha variedade de disciplinas escénicas que inclúen monicreque, teatro xestual, máscara, danza e sombras.

FORMACIÓN ACADÉMICA

Beatriz Deus Bouzas, A Coruña, 1993

Titulación superior de Arte Dramática, especialidade de Interpretación Xestual

Nerea Rodríguez Durán, Vigo (Pontevedra), 2003

Titulación superior de Arte Dramática, especialidade de Interpretación Xestual

Sergio Peteira Iglesias, Castro de Rei (Lugo), 2000

Titulación superior de Arte Dramática, especialidade de Interpretación Xestual

Simón Campos Pérez, Salvaterra de Miño (Pontevedra), 1999

Ciclo superior de Son

Omar Conrado Perona Alcolea, Alacante, 1995

Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño, especialidade de Deseño de Interiores

TRAXECTORIA PROFESIONAL DO GRUPO

2025. Estrea de *Apagón*

Apagón é o primeiro proxecto que facemos como grupo As Extraordinarias.

Anteriormente Nerea, Sergio e Beatriz, os intérpretes, participaron xuntos na creación e interpretación das obras de teatro *Licorcalorca* e *Voltar* na ESAD de Galicia. Ademais, teñen unha traxectoria profesional individual, xa que traballaron con compañías como Barafunda Teatro e Caramuxo Teatro, e no sector audiovisual.

Para Simón e Omar, *Apagón* é o seu primeiro proxecto teatral, mais participaron en diferentes proxectos artísticos relacionados coas súas disciplinas.

Apagón





VIDEOCREACIÓN

PERSOAS PREMIADAS

1º premio

Fabiola Quintela Barba

2º premio

Luján Monteiro Rodríguez

3º premio

Blanca Navarrete Pérez e Antía Rodeiro Maseda

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Mónica García Fernández

Xefa do Servizo de Programas e Mobilidade Xuvenil da Dirección Xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Ignacio Vilar Díaz


Francisco Freire Magariños

Pablo Comesaña Pérez

Pela del Álamo Herrera

Secretario

Adrián Vila Paz



1º PREMIO

Fabiola Quintela Barba

A Coruña, 1999

Este proxecto nace dun cuestionamento: que ocorre no escuro, naquelas rexións de nós mesmas que non coñecemos. O inconsciente formúlase como un espazo salvaxe, un bosque cargado de poéticas onde se dilúen as fronteiras entre o real e o imaxinado, o animal e o humano: as poéticas do difuso.

O obxectivo, usando o autorretrato como ferramenta, é explorar a relación entre corpo, feminidade, inconsciente e natureza, xerando imaxes que evocan o arquetipo da «muller salvaxe» e dialogan cunha liñaxe de creadoras, como Kiki Smith ou Leonora Carrington, que empregaron a linguaxe simbólica para cuestionar o canon patriarcal e construír novos imaxinarios arredor da identidade e do corpo en transformación.

Tamén se integra a deriva psicoxeográfica como método de busca de espazos de filmación, e a escuridade e o azar como recursos expresivos, empregando cámaras de fototrampeo para capturar imaxes nocturnas de maneira intuitiva.

A peza, en resumo, é unha homenaxe á forza, á liberdade e ao instinto femininos, e unha ollada á beleza do salvaxe.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2021-2025. Grao en Belas Artes, Universidade de Vigo

2023-2024. Bolseira no taller de Técnicas Gráficas, Facultade de Belas Artes de Pontevedra

2024. Profesora auxiliar no estudio A Balea, Moaña

2025-actualidade. Mestrado en Deseño, Identidade Visual e Construción de Marca, UOC

Retratos do escuro





2º PREMIO

Luján Monteiro Rodríguez

Salceda de Caselas (Pontevedra), 2002

A obra presentada é un videoclip que trata sobre dúas amigas que están traballando para levar os alimentos á mesa do furancho no que se van reunir despois de vir do traballo.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020-2024. Grao en Comunicación Audiovisual

2023. Meritorio de cámara na serie *Animal*, Alea Media

2024. Reforzo de *video assist* na serie *Lume*, Sete-media

2025. Meritorio de cámara na película *Rondallas*, Bambú Producciones

Dúas señoras





3º PREMIO

Blanca Navarrete Pérez

Cambre (A Coruña), 2002

Antía Rodeiro Maseda

Santiago de Compostela (A Coruña), 2002

«Maronda» é un termo empregado en Galicia para referirse á literatura LGBTIQ+. Tamén lle dá nome a esta peza, que combina palabra, música, danza, material de arquivo e animacións para construír un relato sensorial e íntimo que reivindica a necesidade de representación *queer* na literatura.

A curtametraxe nace da recompilación de fragmentos de obras de diversas autoras e épocas nos que se pode interpretar que unha voz feminina se dirixe de xeito romántico a outra «ela». Porén, aínda que centrada no lesbianismo, *Maronda* propón unha reflexión sobre a invisibilización que sofren na literatura galega, e particularmente no seu ensino, os relatos LGTBIQ+ de todo tipo.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

Blanca Navarrete Pérez

2020-2024. Grao en Comunicación Audiovisual,
Universidade de Santiago de Compostela

2024-actualidade. Secretaria de produción, Zeitun
Films

Antía Rodeiro Maseda

2020-2024. Grao en Comunicación Audiovisual,
Universidade de Santiago de Compostela

2024-2025. Mestrado en Montaxe Cinematográfica
e Posproducción, Escola de Cine de Málaga

2025-actualidade. Mestrado en Dirección Cinema-
tográfica, ESCAC

 @_blancanavarrete_

 @antiarodeiro

Maronda



XUVENTUDE CREACIÓN